**ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O DÍA 28 DE SETEMBRO DE 2023**

ASISTENTES:
Presidente:
D. Bernardo Fernández Piñeiro (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as:
Dª Mª Rosario Huertas Garabana. (PSdeG-PSOE)
D. Daniel Ríos Fernández.(PSdeG-PSOE)
Dª Alejandra Bellón Tenreiro. (PSdeG-PSOE)
D. José Simoes Couceiro
D. Isaac Alejandro García Otero. (PSdeG-PSOE)
Dª Ángela Piñeiro Carrera. (PSdeG-PSOE)
D. Joshua Dopico López. (PSdeG-PSOE)
Dª. Manuela García Fachal. (PSdeG-PSOE)
D. Luis Pena Mosquera (BNG)
Dª María Rocío Souto Torre (BNG)
D. Santiago José Rodríguez Piñeiro. (PP)
Dª. Montserrat Pico Rodeiro (PP)

Secretaria accidental:
Dª María Roca Vázquez

Interventora municipal:
D. Lucía Varela Martínez

Na sala de sesións da Casa do Concello de Pontedeume, sendo as doce horas e nove minutos do día vinte e oito de setembro de dous mil vinte e tres, xúntanse, en sesión ordinaria do Pleno, en primeira convocatoria, previamente convocados ao efecto, os concelleiros e concelleiras membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor alcalde don Bernardo Fernández Piñeiro
Foron asistidos pola Secretaria Xeral municipal, que dá fe do acto.

A Presidencia abre a sesión, procedéndose a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

**1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADORES DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR. SESIÓN ORDINARIA DE 28.07.2023**

A Secretaria accidental da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

***"PROPOSTA DE ACORDO***
***LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DE ACTA DA SESIÓN ANTERIOR***



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 31/10/2023 11:18:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 31/10/2023 11:20:00)
Versión imprimible
CVD: FGRWLNbWXM5fevIKoDaJ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*Expediente TEDeC: **2023/G006/000164***

*Recibida polas persoas membro do Pleno, a copia do borrador da acta correspondente á sesión:*

***SESIÓN ORDINARIA 28/07/2023***

*Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:*

***PRIMEIRO**. Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:*

***SESIÓN ORDINARIA 28/07/2023***

***SEGUNDO.-**. Ordenar a súa transcrición ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro."*

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Sen intervencións, sometese a votación a proposta, quedando **ADOPTADO**, por **MAIORÍA** de **10 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE (7):, Dª. Rosario Huertas Garabana,, Dª Alejandra Bellon Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro Garcia Otero, Dª. Angela Pineiro Carrera, D. Joshua Dopico Lopez e Dª. Manuela Garcia Fachal, da concelleira do Grupo Municipal do BNG (1), Dª María Rocio Souto Torre; e dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PP (2) D. Santiago Jose Rodriguez Pineiro e Dª. Montserrat Pico Rodeiro; **e 3 abstencións** dos concelleiros D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Daniel Ríos Fernández D. Luis Pena Mosquera, por non estar presente na sesión que se somete a votación; o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO**. Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

**SESIÓN ORDINARIA 28/07/2023**

**SEGUNDO.-.** Ordenar a súa transcrición ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro

**2.- CONTA XERAL DO EXERCICIO 2022.**



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 31/10/2023 11:18:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 31/10/2023 11:20:00)
Versión imprimible
CVD: FGRWLNbWXM5fevIKoDaJ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

A Secretaria accidental da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

***"PROPOSTA DA ALCALDÍA EN FUNCIÓNS***
***CONTA XERAL DO EXERCICIO 2022***
*Expediente TEDeC: 2023/X998/000038-2023/G006/000154*

*Visto o informe favorable da Comisión Especial de Contas de 27/05/2023 ao expediente comprensivo da Conta Xeral desta entidade correspondente ao exercicio 2022 integrada polos estados e documentos contables da Corporación de acordo co seguinte:*

***1. BALANCE DE SITUACIÓN:*** *36.021.416,09 euros (activo e pasivo)*

***2. RESULTADO ORZAMENTARIO:***

| | | |
|---|---|---|
| *DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS* | | |
| ***a.*** *Dereitos recoñecidos por operacións non financeiras* | *7.579.990,06* | |
| *a.1. Dereitos recoñecidos netos por operacións correntes (Cap. I a V)* | *7.088.055,06* | |
| *a.2. Dereitos recoñecidos netos por operacións de capital (Cap. VI e VII)* | *491.935* | |
| ***b.*** *Dereitos recoñecidos netos por activos financeiros* | *985,08* | |
| ***c.*** *Dereitos recoñecidos netos por pasivos financeiros* | *44.807,65* | |
| *Total dereitos recoñecidos* | *7.625.782,79* | |
| | | |
| ***a.*** *Obrigas recoñecidas por operacións non financeiras* | *9.009.681,91* | |
| *a.1. Obrigas recoñecidas netas por operacións correntes (Cap. I a IV)* | *6.844.679,12* | |
| *a.2. Obrigas recoñecidas netas por por operacións de capital (Cap. VI e VII)* | *2.165.002,79* | |
| ***b.*** *Obrigas recoñecidas netas por activos financeiros* | *0* | |
| ***c.*** *Obrigas recoñecidas netas por pasivos financeiros* | *0* | |
| *Total obrigas recoñecidas* | *9.009.681,91* | |
| *RESULTADO ORZAMENTARIO ANTES DE AXUSTES* | *-1.383.899,12* | |
| *AXUSTES* | | |
| *(+) Créditos gastados financiados con RLT para gastos xerais* | *727.753,71* | |
| *(+) Desviacións de financiamento negativas do exercicio* | *1.146.500,84* | |
| *(-) Desviacións de financiamento positivas do exercicio* | *325.409,07* | |
| ***RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO*** | ***164.946,36*** | |

***3. REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA:***

| | | |
|---|---|---|
| *1. Fondos líquidos* | | *345.642,14* |
| *2. Dereitos pendentes de cobro (2.a +2.b +2.c -2.d)* | | *11.250.021,32* |
| *2.a. Do orzamento corrente* | *893.682,63* | |
| *2.b De orzamentos pechado* | *10.330.184,15* | |



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 31/10/2023 11:18:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 31/10/2023 11:20:00)
Versión imprimible
CVD: FGRWLNbWXM5fevIKoDaJ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | |
|---|---|---|
| 2.c De operacións non orzamentarias | 26.154,54 | |
| 3. Obrigas pendentes de pago (3.a +3.b +3.c -3.d) | | 10.289.079,28 |
| 3.a. Do orzamento corrente | 1.308.696,48 | |
| 3.b. De orzamentos pechados | 8.735.118,53 | |
| 3.c. De operacións non orzamentarias | 245.264,27 | |
| 4. Partidas pendentes de aplicación | | -283.949,23 |
| 4.1 Cobros realizados pendentes de aplicación | 430.933,30 | |
| 4.2 Pagos realizados pendentes de aplicación | 146.984,07 | |
| I. REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL | | 1.022.634,95 |
| II. SALDOS DE DUBIDOSO COBRO | | 1.084.663,41 |
| III. REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO | | 78.069,38 |
| **IV. REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS** | | **-140.097,84** |

***4.- OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA:***

*Logo da aprobación por maioría absoluta do Congreso dos Diputados da suspensión temporal das regras fiscais para 2020, 2021 e 2022, cumprir os obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública e de regra de gasto non sería obrigatorio para as entidades locais.*

| CONCEPTOS | IMPORTES |
|---|---|
| Ingresos liquidados presupuesto 2021 (capítulos 1 a 7) | 7.579.990,06 |
| Créditos liquidados presupuesto 2021 (capítulos 1 a 7) | 9.009.681,91 |
| TOTAL (a – b) | -1.429.691,85 |
| AXUSTES | |
| 1) Axustes recadación capítulo 1 | 0,00 |
| 2) Axustes recadación capítulo 2 | -359,28 |
| 3) Axustes recadación capítulo 3 | 8.700,56 |
| 4) Axuste por gastos pendentes de imputar a orzamento | 294.633,72 |
| 5) Axuste por devolucións de ingresos pendentes de imputar a orzamento | -2.405,39 |
| Total axustes | 300.569,61 |
| **TOTAL NECESIDADE DE FINANCIAMENTO** | **-1.129.122,24** |

***5.- OBXECTIVO REGRA DE GASTO:***

*O obxectivo de regra de gasto para o exercicio 2022 está suspendido, ao terse suspendido a aplicación das regras fiscais para os exercicios 2020 a 2022, e tense prorrogado tamén ao 2023 a dita suspensión.*

*O límite da regra de gasto en 2022 derivado da liquidación do exercicio 2021 sería de 5.463.204 euros, incumpríndose o límite ao resultar da liquidación de 2022 un gasto computable de 6.076.394,64 euros.*

*Logo de que o expediente fora sometido a información pública polo prazo de 15 días conforme ao establecido no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais (RDL 2/2004 de 5 de marzo), publicado no Boletín Oficial da Provincia nº147 de 03/08/2023.*
*Visto que durante o dito prazo, non se presentaron reclamacións, conforme se acredita nos documentos que obran no expediente.*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 31/10/2023 11:18:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 31/10/2023 11:20:00)
Versión imprimible
CVD: FGRWLNbWXM5fevIKoDaJ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*Tendo en conta o anterior e considerando a normativa aplicable, esta Alcaldía* ***PROPÓN*** *ao Pleno a adopción do seguinte* ***ACORDO****:*

***PRIMEIRO:*** *Aprobación definitiva da Conta Xeral correspondente ao exercicio de 2022, así como da documentación complementaria que se xunta ao expediente, considerando que na elaboración, formación e tramitación da conta xeral correspondente ao exercicio 2021 se observaron as prescricións para este efecto contidas no Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, en adiante TRLRFL; Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1998, reguladora das facendas locais (enténdase TRLRFL), en materia de orzamentos; Orde HAP/1781/2013 de 20 de setembro pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local (en adiante ICAL); as Normas de Valoración desenvolven os Principios Contables e se atopan reguladas na segunda parte do PGCP (Orden EHA/1037/2010, de 13 de abril, pola que se aproba o Plan Xeral de contabilidade Pública).*

***SEGUNDO****: Dar traslado do presente acordo ao Consello de Contas e ao Tribunal de Cuentas antes do 15 de ourubro e, en aplicación do artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, artigo 8.1.e), tamén deberá facerse pública a información relativa ás contas anuais mediante a súa publicación na sede electrónica.”*

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra **o concelleiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) don Luis Pena Mosquera,** que en relación coa aprobación desta conta e baseándose no informe da Intervención Municipal, hai 98 informes de reparo o que implica que hai gastos que se imputaron sen cumprir a legalidade (aquí enumera algún dos informes). Indica que a situación é totalmente irregular e que as cousas se están a facer mal.

Continúa dicindo que en relación aos gastos de persoal e nóminas, que hai contratacións de traballadores que están caducadas, contratación de persoal laboral con incumprimento da lexislación aplicable. O informe da Intervención Municipal sobre a aprobación da Conta Xeral conta con infinidade de reparos. Sobre as subvencións tamén indica que unha recomendación é mellorar esa concesión para que sexan tramitadas no ano da concesión.

Continúa dicindo que lles gustaría votar a favor, pero con todos os reparos e todas as advertencias da Intervención Municipal non o poden facer e anuncia que o seu voto será a abstención.

Toma a palabra **a concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular (PP) dona Montserrat Pico Rodeiro** que indica que o voto do seu grupo será a favor, porque entenden que moitas veces e imposible mellorar cousas pero que pouco a pouco hai que intentar melloralas.



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 31/10/2023 11:18:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 31/10/2023 11:20:00)
Versión imprimible
CVD: FGRWLNbWXM5fevIKoDaJ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Toma a palabra o **Sr. Presidente** para indicarlle ao voceiro do BNG que o que vai a votar neste punto, non son os reparos (indica que iso é o seguinte punto). Indica que lle parece que non ten moito sentido votar en contra, neste punto, porque para el implicaría votar en contra do informe da Intervención Municipal que recolle os reparos. Indica que quere aclaralo porque lle parece que da a impresión de que non saben o que están a votar.

Interrompe o **Sr. Pena Mosquera** para aclarar que nunca dixeron que ían votar en contra senón absterse.

Continua o **Sr. Presidente** indicando que se están abstendo ante un informe da Intervención Municipal, non se absteñen ante a xestión do goberno; que a crítica que fai o BNG é real pero que obvian, como saben, que a situación administrativa do Concello, se ben se está a mellorar nas últimas semanas coa incorporación das dúas técnicas; o que permitirá ir mellorando a tramitación dos expedientes. Continúa dicindo que lembra anos de moitos máis reparos (140), e recoñece que hai servizos que levan reparo porque os contratos están esgotados no tempo. Indica que a non tramitación dos expedientes, a pesar do reparo; suporía a paralización do Concello; pechar a porta, e iso cree que non interesa a ningún dos que se atopan na sala. Indica que nos decretos de facturas,para levantar os reparos, xa se expoñen as medidas que se adoptaron por parte do goberno para reconducir a situación e que se segue na liña de adoptar medidas para regularizar esas situacións.

Toma a palabra o **Sr. Pena Mosquera** que quere indicar que parece que o goberno leva dous meses... e quere agradecer o traballo do departamento da Intervención Municipal que con moi pouco persoal e con moita dedicación é capaz de sacar adiante o traballo, unido as críticas a xestión económica do Concello.

Sen máis intervencións, sometese a votación a proposta, quedando **ADOPTADO**, por **MAIORÍA de 11 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE (9): D. Bernardo Fernández Piñeiro, Dª. Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, Dª Alejandra Bellon Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro Garcia Otero, Dª. Angela Piñeiro Carrera, D. Joshua Dopico Lopez e Dª. Manuela Garcia Fachal; e dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PP (2) D. Santiago José Rodriguez Piñeiro e Dª. Montserrat Pico Rodeiro e **2 abstencións** do concelleiro e concelleira do Grupo Municipal do BNG, D. Luis Pena Mosquera e Dª María Rocio Souto Torre; o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO:** Aprobación definitiva da Conta Xeral correspondente ao exercicio de 2022, así como da documentación complementaria que se xunta ao expediente, considerando que na elaboración, formación e tramitación da conta xeral correspondente ao exercicio 2021 se observaron as prescricións para este efecto contidas no Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, en adiante TRLRFL; Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1998, reguladora das facendas locais (enténdase TRLRFL), en materia de orzamentos; Orde HAP/1781/2013 de 20 de setembro pola que se aproba a



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 31/10/2023 11:18:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 31/10/2023 11:20:00)
Versión imprimible
CVD: FGRWLNbWXM5fevIKoDaJ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Instrución do modelo normal de contabilidade local (en adiante ICAL); as Normas de Valoración desenvolven os Principios Contables e se atopan reguladas na segunda parte do PGCP (Orden EHA/1037/2010, de 13 de abril, pola que se aproba o Plan Xeral de contabilidade Pública).

**SEGUNDO**: Dar traslado do presente acordo ao Consello de Contas e ao Tribunal de Cuentas antes do 15 de outubro e, en aplicación do artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, artigo 8.1.e), tamén deberá facerse pública a información relativa ás contas anuais mediante a súa publicación na sede electrónica.

**3.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DA INTERVENCIÓN MUNICIPAL SOBRE REPAROS EFECTUADOS POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL NO EXERCICIO 2022 E ANOMALÍAS DETECTADAS EN MATERIA DE INGRESOS, ASÍ COMO ACORDOS ADOPTADOS CON OMISIÓN DO TRÁMITE DE FISCALIZACIÓN PREVIA PARA INCLUÍR EN PUNTO SEPARADO DA ORDE DO DÍA CON OCASIÓN DA APROBACIÓN DA CONTA XERAL.**

A Secretaria accidental da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

***"PROPOSTA DE DAR CONTA EN FUNCIÓNS***

***DACIÓN DE CONTA DO INFORME DA INTERVENCIÓN MUNICIPAL SOBRE REPAROS EFECTUADOS POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL NO EXERCICIO 2022 E ANOMALÍAS DETECTADAS EN MATERIA DE INGRESOS, ASÍ COMO ACORDOS ADOPTADOS CON OMISIÓN DO TRÁMITE DE FISCALIZACIÓN PREVIA PARA INCLUÍR EN PUNTO SEPARADO DA ORDE DO DÍA CON OCASIÓN DA APROBACIÓN DA CONTA XERAL 2022***

*Expediente TEDeC: 2023/X998/000039--2023/G006/000155*

*Logo da toma de razón polas persoas membro da Comisión Especial de Contas, en sesión ordinaria celebrada o día 27/05/2023, do Informe da Intervención Municipal, 82/2023 de "Reparos efectuados pola Intervención municipal no exercicio 2022 e anomalías detectadas en materia de ingresos, así como acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización previa para incluír en punto separado da orde do día con ocasión da aprobación da CONTA XERAL 2022", co seguinte tenor literal:*

*Tendo en conta o sinalado no artigo 218 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, na súa redacción dada pola Lei 27/2013, de racionalización e sostenibilidade da Administración local, co seguinte tenor literal:*

*"Artículo 218 Informes sobre resolución de discrepancias*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 31/10/2023 11:18:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 31/10/2023 11:20:00)
Versión imprimible
CVD: FGRWLNbWXM5fevIKoDaJ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*1. El órgano interventor elevará informe al Pleno de todas las resoluciones adoptadas por el Presidente de la Entidad Local contrarias a los reparos efectuados, así como un resumen de las principales anomalías detectadas en materia de ingresos. Dicho informe atenderá únicamente a aspectos y cometidos propios del ejercicio de la función fiscalizadora, sin incluir cuestiones de oportunidad o conveniencia de las actuaciones que fiscalice. Lo contenido en este apartado constituirá un punto independiente en el orden del día de la correspondiente sesión plenaria.*
*El Presidente de la Corporación podrá presentar en el Pleno informe justificativo de su actuación.*

*2. Sin perjuicio de lo anterior, cuando existan discrepancias, el Presidente de la Entidad Local podrá elevar su resolución al órgano de control competente por razón de la materia de la Administración que tenga atribuida la tutela financiera.*

*3. El órgano interventor remitirá anualmente al Tribunal de Cuentas todas las resoluciones y acuerdos adoptados por el Presidente de la Entidad Local y por el Pleno de la Corporación contrarios a los reparos formulados, así como un resumen de las principales anomalías detectadas en materia de ingresos. A la citada documentación deberá acompañar, en su caso, los informes justificativos presentados por la Corporación local".*

*Esta Alcaldía formula a seguinte* ***PROPOSTA****:*

***ÚNICO****.- Dar conta do Informe da Intervención Municipal: 82/2023 de "Reparos efectuados pola Intervención municipal no exercicio 2022 e anomalías detectadas en materia de ingresos, así como acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización previa para incluír en punto separado da orde do día con ocasión da aprobación da CONTA XERAL 2022"*

Os concelleiros e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN**

**4.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdG-PSOE SOBRE TRANSPORTE ESCOLAR, UNIVERSITARIO E PÚBLICO**

A Secretaria accidental indica que o grupo municipal do PSdG-PSOE, presentou para o pleno a seguinte moción:

**"MOCIÓN SOBRE TRANSPORTE ESCOLAR, UNIVERSITARIO E PÚBLICO"**

Toma a palabra a concelleira-portavoz do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, don Alejandra Bellón Tenreiro, que da lectura a moción presentada:



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 31/10/2023 11:18:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 31/10/2023 11:20:00)
Versión imprimible
CVD: FGRWLNbWXM5fevIKoDaJ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*MOCIÓN SOBRE TRANSPORTE ESCOLAR , UNIVERSITARIO E PÚBLICO*

*Cando falamos de* ***transporte escolar en Galicia****, é evidente unha falta clara de medidas por parte da Xunta de Galicia, polo que moitas familias se ven afectadas. Son estas as que se fan cargo do transporte, ben economicamente con servizo de taxis ou tendo que levar persoalmente as súas fillas e fillos aos centros de ensino, como ocorre en moitos concellos da provincia. Esto é o que entende o goberno da Xunta de Galicia por conciliación familiar.*

*No caso particular de Pontedeume levamos anos pedindo un aumento de liñas e frecuencias que non dá chegado.*

*Nos comentan as usuarias e usuarios as deficiencias que viven cada día e o esforzo que supón traballar fora da nosa vila sen posuír un vehículo propio.*

*Así, se queremos ir de Pontedeume a Coruña un día laborable, temos un espazo de máis de dúas horas e media sen bus entre as 10,17 e as 12,25h. E pola tarde, dende as 15,25 ata as 18,50h temos máis de tres horas e media sen bus.*

*O caso é máis chamativo a fin de semana. Cando o estudiantado volta a casa ou regresa as universidades.*

*O primeiro bus pasa as 10,58h ( inviable para calquera traballador/a porque a chegada á Coruña é as 11,45), o seguinte as 12,32h e o posterior máis de 3h despois, as 15, 50h, e así o seguinte.*

*Os domingos, cando o alumnado volve ás súas residencias é aínda peor. Dende as 12,30h ata as 18,02 da tarde non hai bus e o seguinte xa é o das 22,28h.*

*Trasládannos algún alumnos universitarios que os domingos quedan moitos estudantes sen poder coller este transporte por ir chegar xa cubertas todas as prazas as 18,02 e que neste caso teñen que coller taxis entre varios para poder chegar ao seu destino ou agardar máis de 4h polo próximo transporte.*

*O servizo de transporte actual avoca á nosa vila a un illamento sen precedentes, facendo que sexa moi complicado o asentamento poboacional e fomentando o uso do vehículo particular con todas as consecuencias negativas tanto para a seguridade viaria como para a contaminación medioambiental nun momento no que as políticas en materia de transporte deben ir encamiñadas a unha sostenibilidade ecolóxica e non é así.*

*De nada serven as campañas da Xunta de Galicia da tarxeta xente nova se a rapazada non pode usar o transporte por falta de prazas e frecuencias. De nada serven as bonificacións no transporte público do ministerio de transportes se a Xunta de Galicia non xestiona*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 31/10/2023 11:18:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 31/10/2023 11:20:00)
Versión imprimible
CVD: FGRWLNbWXM5fevIKoDaJ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*correctamente o servizo de transportes , supervisando a prestación do mesmo  e poñendo a disposición da cidadanía unha oferta acorde coas súas necesidades.*

*O Pleno do Concello de Pontedeume insta á Xunta de Galicia a:*

- *Garantir **o servizo de transporte escolar** público para facilitar o acceso ao sistema de educación público ao alumnado de todas as etapas educativas, obrigatorias e non obrigatorias.*
- *Revisar e modificar os horarios e liñas de transporte para que se adapten aos horarios laborais máis empregados polas/os traballadoras/es que o precisen"*

A Presidencia abre a quenda para o debate.

**Toma a palabra o Sr. Pena Mosquera do BNG**, que indican que presentaron pola vía de urxencia unha moción moi similar; porque a nivel comarcal o BNG fixo esta petición de transporte público por estrada e ferroviario. Di que estarán encantados de votar a favor; pero que piden que non so nos centremos no transporte por estrada senón que tamén hai problemas no transporte ferroviario. Fai unha proposta de inclusión nesta moción de referencias ao transporte ferroviario e indica que de non aceptar a proposta votarán a favor da moción.

**Continua o Sr. Pena Mosquera** indicando que levan décadas defendendo o transporte ferroviario e están esperando a construción do "by-pass" de Infesta en Betanzos, e unha das últimas peticións cursouna o deputado do BNG, Néstor Rego, a principios do ano 2023. Creen que cun conxunto de actuacións en grandes orzamentos e axustando frecuencias e tarifas, incluso se podería implantar na zona un tren de proximidade no servizo ferroviario A Coruña-Ferrol.  A súa proposta tamén inclúe a modernización do trazado Ferrol-A Coruña, como alternativa ao vehículo privado recuperando paradas abandonadas e habilitando zonas de estacionamento gratuíto preto das estacións incrementando as frecuencia.

**Indica o Sr. Pena Mosquera** que o punto que propoñen para incluír seria: " *Instar ao goberno de España, a mellorar o tren de proximidade na liña A Coruña-Ferrol, modernizando o trazado, construíndo o "by-pass" de Infesta, e axustando frecuencias e tarifas para dar un servizo público de transporte de calidade*"

Continúa dicindo que a moción ao incluír este punto proposto a moción quedaría máis completa: ao falar de todo tipo de transporte público, tanto por estrada como por ferrocaril.

**Toma a palabra a Sra Pico Rodeiro do PP**, que indica que a moción menciona o transporte público na etapa da educación obrigatoria, e aquí considera que dentro da zona de influencia dos centros está garantida e cuberta, polo que non entende a moción neste apartado; continúa en referencia ao transporte público que usan os estudantes ou os que van traballar, transporte de uso xeral, que estivo orientado na mobilidade do cidadán non para grupos ou colectivos. Indica que tamén lle parece que falta a referencia ao servizo ferroviario, xa que consideran que



FIRMADO POR  Ana Ramos Ramos  (FECHA: 31/10/2023 11:18:00) ,  Bernardo Fernández Piñeiro  (FECHA: 31/10/2023 11:20:00)
Versión imprimible
CVD: FGRWLNbWXM5fevIKoDaJ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Pontedeume está inexistente dende o punto de vista ferroviario, o que provoca que o autobús sexa a única alternativa do cidadán.

Continúa dicindo que o primeiro venres deste curso educativo, batéuse o "*record*"; un 18 % máis de usuarios que o ano pasado; e enumera que as causas poden ser, a deficiencia do transporte ferroviario, a superación total da pandemia e os incentivos económicos; e quere recalcar que a moción di que non vale para nada nin a tarxeta nin as bonificacións; e pensa que é falar un pouco a lixeira porque hai moitas familias que se están a beneficiar delas, porque van totalmente de balde.

**Continua a Sra. Pico Rodeiro do PP** indicando que nunca estará a gusto de todos porque a demanda é moi difícil de calcular, e indica que dende o Servizo de Mobilidade da Xunta de Galicia lle indican que van garantir e estar alerta, durante todo o ano para suplir ou poñer máis liñas. Pide entón ao goberno que acrediten oficialmente a demanda ao Servizo de Mobilidade, aínda que indica que no 2021, cun informe da policía local, e que a Xunta non tivo ningún problema a poñer novas liñas e hai unha carta do Sr. Alcalde en función, naquel entón, don José Simoes Couceiro na que agradece o aumento de liñas. Sen embargo, no poden xustificar o que pon a moción.

**Toma a palabra a Sra. Bellón Tenreiro do PSdeG-PSOE**, que indica que lle parece que todos están de acordo en que tanto o tren como o servizo de transporte por estrada ten que ser o óptimo para que a cidadanía poida facer uso del; e que coa anterior licitadora, antes de que a collera Monbus, empresa que sae moito na prensa pola súas causas xudiciais...; non había ningún problema, sabían que cada media hora había un bus, que os da hora ían pola Gallarda e os da media por Laraxe; pero que agora a xente non sabe a que hora pasan, que na propia páxina de Monbus aparecen unhas horas, se chamas por teléfono din outros horarios. Indica que hai xente de Pontedeume que vai ata a Capela para coller o bus que ven das Pontes con destino A Coruña; outra que vai a Fene para coller o autobús que vai A Coruña por autoestrada.

**Continúa a  Sra. Bellón Tenreiro do PSdeG-PSOE i**ndicando que levan máis de dous anos documentando, recollendo sinatura, manifestándonos, reuníndonos once concellos da comarca coa Xefatura Territorial da Coruña; e que lles digan que "*van estar atento*" para ver as necesidades que hai, indica que é unha cantinela que xa non serve. Parece que levan atentos dous anos, que a demanda é maior pero segue sen atenderse.

**Indica a Sra. Bellón Tenreiro do PSdeG-PSOE,** que son coñecedores de que o servizo da, tarxeta da xente nova, que consideran discriminación por motivos do lugar onde se vive, xa que non todos os rapaces poden empregar; e así mesmo consideran que é discriminatorio e que levan loitando tamén dous anos para conseguir que os rapaces que viven en aldeas ou que non viven en cidades, que estudan ensinanzas non obrigatorias e usan o transporte público, non teñan que empregar esta tarxeta. Continúa dicindo que cren na educación pública en todos os seus niveis.



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 31/10/2023 11:18:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 31/10/2023 11:20:00)
Versión imprimible
CVD: FGRWLNbWXM5fevIKoDaJ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**Toma a palabra o Sr. Presidente,** para indicar que quere facer un pequeno matiz á "carta famosa" que mencionou a concelleira do PP, que tamén se leu no Parlamento de Galicia nunha ocasión, indicando que procedeu a ler a parte que interesaba nese momento, non o contido íntegro da mesma. Continúa dicindo que esa carta foi a raíz dunha xuntanza tivo na Delegación Territorial de Estradas da Coruña, na que se comprometeron a cumprir cunha serie de demandas que trasladamos os distintos concellos. Posteriormente contestan por escrito indicando que se ían a cumprir eses compromisos acadados na reunión, polo que lles contestamos no primeiro parágrafo da carta que estabamos agradecidos de que se cumpran. Continúa dicindo que no seguinte parágrafo se dicía que, aínda así, lles parecía insuficiente o que estaban a trasladar porque non todo o que se estaba pedindo se estaba cumprindo ou se ía cumprir por parte da Consellería; e esta parte sempre a obvian. En todo caso, continúa **o Sr. Presidente**, o peor non é que se obvie unha parte da carta, senón que aquelo que se comprometeron por escrito a facer non se cumpriu; por iso se volveu a insistir, porque hai moitos veciños e veciñas de Pontedeume e da nosa contorna que se queixan polo tema do transporte.

**O Sr. Presidente** indica que sobre o tema ferroviario están totalmente de acordo, en oito anos de goberno acudiron a todas as concentracións e incluso convocouse algunha reclamando aos distintos gobernos, tanto do Sr. Mariano Rajoy, como do Sr. Pedro Sánchez, melloras no transporte ferroviario. Continúa dicindo que teñen moi claro que as prioridades do seu goberno, que por encima de calquera sigla, son os veciños e veciños desta vila, e desta contorna ou bisbarra. Indica que o transporte ferroviario leva en decadencia vinte anos, cunha liña que está igual que cando se construíu; e isto é responsabilidade dos distintos goberno, e que ata o momento ningún o fixo ben, e polo tanto hai que seguir reclamando.

**Continúa o Sr. Presidente** dicindo que non hai problema por incluír o punto proposto polo Grupo Municipal do BNG, e pide que se adopte por unanimidade a moción. Dirixíndose ao grupo Municipal do PP, indica que a disxuntiva está en que o PP considera que a Xunta o esta a facer ben e xustifican cal é a situación; pero eles cren que non; pero de todos xeitos pensa en que todos coinciden en que se pode facer mellor. Indica que nas mocións o que ten vinculación son os acordos que se adoptan, non o texto explicativo da mesma; e entende que o que se pide con está moción pode ser perfectamente asumible polos tres grupos políticos que integran a corporación.

**Indica o Sr. Presidente** que a xustificación de que o transporte por estrada neste último ano sobe porque o transporte ferroviario é malo, non lle parece moi axeitada, porque dende hai décadas os estudantes non usan o transporte ferroviario. A problemática co servizo ferroviario non é de agora; a pandemia xa rematou hai un tempo, e as axudas tamén estaban ahi polo que e a Xunta é coñecedora de que hai eivas, e que o servizo actual non cumpre coas demandas; que puido ter previsto que en base ao número de alumnado habería un incremento considerable; e como se indicou isto coa anterior licitadora non pasaba e a propia xunta recoñeceu que era un mal contrato que hai que revisar e modificar; porque non resolve as necesidades de transporte público en Galicia. Entende que todo o mundo se pode equivocar pero que o importante é lóxico e reconducir a situación, polo que pide altura de miras a todos



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 31/10/2023 11:18:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 31/10/2023 11:20:00)
Versión imprimible
CVD: FGRWLNbWXM5fevIKoDaJ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

os partidos políticos, fusionar os acordos mocións presentada polo PSdG-PSOE e da moción presentada polo BNG e votar a favor os tres grupos.

**Toma a palabra a Sr. Pico Rodeiro do PP** para indicar que na súa anterior intervención dixo que hai moitos factores, non só a falta de transporte ferroviario, que inflúen para o aumento da demanda do autobús, os incentivos económicos tamén axudan porque é un gran alivio para as familias; o Partido Popular non está en contra de que se mellore o servizo, pero si indica que hai supervisión e inspección, que se está mellorando, que se está impulsando a de reserva de billetes para intentar controlar a demanda horario. Continúa dicindo que co si que non están de acordo é co servizo de transporte escolar para a etapa obrigatoria onde consideran que está totalmente cuberto, a zona de incidencia dos centros está a cuberta; polo que non poden votar a favor se isto segue na moción; que polo resto de mellorar o servizo si están de acordo.

**Indica o Sr. Presidente** que o acordo indica: "*Garantir o servizo de transporte escolar público para facilitar o acceso ao sistema de educación pública ao alumnado de todas as etapas educativas obrigatorias e non obrigatorias",* e que entende que non se entra en contradición coa posición do Partido Popular argumentada; que o único problema que el ve e que hai que requirir algo a Xunta de Galicia.

**Toma a palabra a Sr. Pico Rodeiro do PP** para manifestar que parece que Sr. Presidente está mal interpretando as súas palabras; repite e deixa claro que non está en contra de que se amplie, se modifique, e se poñan máis liñas en función da demanda que hai; pero o de incluír "(...) *sistema de educación pública ao alumnado de todas as etapas educativas obrigatorias e non obrigatorias";* non lle parece ben porque as etapas obrigatorias xa están cubertas.

**O Sr. Presidente** di que ese é un pequeno matiz; pon de exemplo que o "Concello presta un servizo de limpeza viaria... pero que se pide que se garanta o bo funcionamento do servizo de limpeza viaria"; o que se pide non punto do acordo e que se continúe garantindo ese servizo, en ningún momento di que non se cumpre.

**Toma a palabra a Sr. Bellón Tenreiro do PSdeG-PSOE** para indicar que as mocións as veces veñen, e que todos o saben, son xenéricas porque veñen da dirección do partido e que abranguen moitos ambitos, non so Pontedeume; e que teñen constancia de que non se está a garantir o servizo noutros sitios da comarca, é e responsabilidade nosa que se cumpra.

Continúa que hai incentivos do 30% Goberno Central e do 50% Xunta de Galicia e que hai constancia de que non todos os sitios están a implementar estes incentivos; polo que se deben revisar; e polo tanto que se potencie o uso do transporte público para descolapsar as vilas e cidades de vehículos; se se está apostando polo transporte público, se poñen incentivos para o seu uso, hai que ser previsores do aumento da demanda. Continúa con que deberían ter feito estudos, enquisas... que determinaran as necesidades efectiva.

**Toma a palabra o Sr. Presidente,** que quere aclarar que non se refiren a que todos os días teña haber sitio para todo o mundo; pero se ao longo dun ano, se sabe que quedan fóra todos



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 31/10/2023 11:18:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 31/10/2023 11:20:00)
Versión imprimible
CVD: FGRWLNbWXM5fevIKoDaJ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

os días quedan entre tres e quince persoas fóra do autobús; isto debe terse en conta para o futuro. Incide en que antes non pasaba, e se agora pasa é porque o estudo que se fixo para dotar frecuencia as liñas non está ben feito ou non se lle fixo caso. E se resultase que agora, todo o mundo se volveu "tolo" por usar o autobús, xa levamos dous anos de postpandemia e axudas de transporte; polo que tiña que estar previsto; pero que iso require máis investimento e gasto para a Xunta de Galicia, os recursos son limitados e farán as súas contas pero non por iso hai que deixar de demandalo.

Propón o **Sr. Presidente** non enviar a exposición de motivos da moción e só enviar os acordos adoptados, que sería fundir os acordos da proposta do PSdeG-PSOE e do BNG

**Toma a palabra o Sr. Pena Mosquera do BNG**, para indicar que tamén hai que solicitarlle ao goberno de España a mellora do servizo ferroviario, coa inclusión de maiores partidas orzamentarias, a última de 170.000 euros para liña Coruña-Ferrol non parece que dea para moito. Continúa falando do transporte por estrada, que ve que está funcionando mal o que hai milleiros de queixas, mal para alumnos e para todos. E indica que a Xunta está nos tribunais pola licitación que fixo polo que algo está mal e hai que cambialo.

Toma a palabra a Sra. Bellón Tenreiro do PSdeG-PSOE para facer unha puntualización de que son tres acordos da moción.

Toma a palabra **Sr. Presidente** que indica que se suman a reinvindicación do servizo ferroviario; e que propón votar a fusión dos acordos das mocións presentadas polo PSdeG-PSOE e BNG que quedarían do seguinte xeito:

1. *Garantir o servizo de transporte escolar público para facilitar o acceso ao sistema de educación público ao alumnado de todas as etapas educativas, obrigatorias e non obrigatorias.*

2. *Revisar e modificar os horarios e liñas de transporte para que se adapten aos horarios laborais máis empregados polas/os traballadoras/es que o precisen*

3. *Demandar da Xunta unha solución urxente, reforzando e adaptando os servizos en horas que demandan os colectivos de usuarias, co fundamental obxectivo de atender as necesidades de mobilidade da poboación do concello, nomeadamente as derivadas de razóns laborais, académicas, asistenciais, etc.*

4. *Instar ao goberno de España a mellorar o tren de proximidade na liña A Coruña Ferrol, modernizando o trazado, construíndo o bypass de Infesta, e axustando frecuencias e tarifas para dar un servizo público de transporte de calidade.*

Sen máis intervencións, sometese a votación a moción enmemdada, quedando **ADOPTADO**, por **MAIORÍA** de **11 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 31/10/2023 11:18:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 31/10/2023 11:20:00)
Versión imprimible
CVD: FGRWLNbWXM5fevIKoDaJ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

PSdeG-PSOE (9): D. Bernardo Fernández Piñeiro, Dª. Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, Dª Alejandra Bellon Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro Garcia Otero, Dª. Angela Piñeiro Carrera, D. Joshua Dopico Lopez e Dª. Manuela Garcia Fachal; e do concelleiro e concelleira do BNG (2) D. Luis Pena Mosquera e Dª María Rocio Souto Torre; e **2 abstencóns** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PP D. Santiago Jose Rodriguez Piñeiro e Da. Montserrat Pico Rodeiro o seguinte **ACORDO**:

1. Garantir o servizo de transporte escolar público para facilitar o acceso ao sistema de educación público ao alumnado de todas as etapas educativas, obrigatorias e non obrigatorias.

2. Revisar e modificar os horarios e liñas de transporte para que se adapten aos horarios laborais máis empregados polas/os traballadoras/es que o precisen

3. Demandar da Xunta unha solución urxente, reforzando e adaptando os servizos en horas que demandan os colectivos de usuarias, co fundamental obxectivo de atender as necesidades de mobilidade da poboación do concello, nomeadamente as derivadas de razóns laborais, académicas, asistenciais, etc.

4. Instar ao goberno de España a mellorar o tren de proximidade na liña A Coruña Ferrol, modernizando o trazado, construíndo o bypass de Infesta, e axustando frecuencias e tarifas para dar un servizo público de transporte de calidade.

**4.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP CONTRA A TRAMITACIÓN DUNHA LEI DE AMNISTÍA**

A Secretaria accidental indica que o grupo municipal do PP presentou para o pleno a seguinte moción:

**"MOCIÓN CONTRA LA TRAMITACIÓN DE UNA LEY DE AMNISTÍA"**

Toma a palabra a concelleira do grupo municipal do PP, dona Montserrat Pico Rodeiro, que da lectura a moción presentada:

*"**MOCIÓN CONTRA LA TRAMITACIÓN DE UNA LEY DE AMNISTÍA** QUE PRESENTA EL GRUPO POPULAR EN EL AYUNTAMIENTO de Pontedeume, conforme a lo previsto en el Real Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, para elevar al Pleno la Propuesta de Acuerdo/Moción que trae su causa en la siguiente:*

***EXPOSICIÓN DE MOTIVOS***

*El 15 de octubre de 1977 el Congreso de los Diputados aprobó la Ley de Amnistía que siguió el principio de reconciliación nacional que guio nuestra Transición a la democracia. La amnistía*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 31/10/2023 11:18:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 31/10/2023 11:20:00)
Versión imprimible
CVD: FGRWLNbWXM5fevIKoDaJ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*era una demanda social y una necesaria e imprescindible impugnación del ordenamiento jurídico de la dictadura. Fue uno de los instrumentos con los que se puso punto final a la represión que sufrió una parte de la sociedad española y uno de los grandes acuerdos que consolidaron nuestro camino a la democracia.*

*Durante la tramitación de la Constitución de 1978 se debatió la cuestión de la amnistía, ya que se presentaron dos enmiendas para que las Cortes Generales pudieran tener esa competencia. Las enmiendas fueron rechazadas y, por el contrario, se aprobó el artículo 62 que prohíbe indultos generales. Es decir, el perdón -que sí existe en nuestro ordenamiento y que está regulado en la Ley del Indulto-, debe ser siempre individualizado y nunca con carácter general.*

*En una democracia europea consolidada, como es la española de 2023, una amnistía, además, atenta contra algunos de los principios básicos del Estado de Derecho como son la exclusividad del poder judicial para juzgar y hacer ejecutar lo juzgado, la igualdad en la aplicación de la ley y la seguridad jurídica. Ni el legislador ni el poder ejecutivo pueden arrogarse la facultad de declarar inmune a un grupo de personas, borrar sus delitos e incluso evitar que sean juzgados como cualquier otro ciudadano. Todo ello además mientras que tanto el Tribunal de Justicia de la UE como el Tribunal Europeo de Derechos Humanos tienen pendiente resoluciones referidas a la cuestión, sobre la que se plantea la posible amnistía y que afectan a España.*

*En 2017 se produjo un intento de insurrección por parte de los poderes públicos de Cataluña contra el orden Constitucional. La reacción del Estado de Derecho fue la aplicación del artículo 155 de la Constitución y la puesta en marcha de los instrumentos penales contra sus impulsores*

*El Tribunal Supremo condenó a sus principales líderes a penas de entre 9 y 13 años por sedición y malversación. Algunos de sus principales responsables huyeron al extranjero. Desde entonces tratan de evitar la acción de los Tribunales españoles y europeos. No fue el único que lo hizo. El pasado 5 de septiembre Puigdemont condicionó la gobernabilidad de España a, entre otras cuestiones, la aprobación de una Ley de Amnistía que favorezca, entre otros, a los encausados por el referéndum ilegal de 2017, en ocasiones por hechos de una violencia extrema.*

*No es la primera vez que se plantea esta cuestión. Ya en 2021 se registró una iniciativa de estas características en el Congreso y los Letrados emitieron un informe contundente contrario a su tramitación. Además, tanto Pedro Sánchez como ministros de su Gobierno, Juan Carlos Campo, Fernando Grande Marlaska y Carmen Calvo, entre otros muchos dirigentes socialistas, afirmaron en el pasado la inconstitucionalidad de una posible amnistía.*

*Los hechos jurídicos siguen igual, pero han cambiado las circunstancias políticas. Pedro Sánchez, en un intento desesperado por conservar la Presidencia del Gobierno, se ha abierto a que se pueda tramitar una Proposición de Ley. Además de suponer una inconstitucionalidad*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 31/10/2023 11:18:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 31/10/2023 11:20:00)
Versión imprimible
CVD: FGRWLNbWXM5fevIKoDaJ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*flagrante, de nuevo se pretende utilizar un atajo para evitar los controles de legalidad del CGPJ, la Fiscalía y el Consejo de Estado.*

*El precio de la presidencia no sería solo exculpar centenares de delitos sino deslegitimar el Estado de Derecho y blanquear y considerar la legitimidad de la sedición que se llevó a cabo. En definitiva, un inasumible precio político para cualquier gobernante decente y que la falta de rechazo explícito y contundente por parte del Gobierno está causando una profunda conmoción social.*

*Por todo ello, el Grupo Popular en el Ayuntamiento de Pontedeume presenta la siguiente:*

*PROPUESTA DE ACUERDOS*

*1. Rechaza cualquier tipo de amnistía o indulto generalizado para cualquier grupo de ciudadanos, cualquiera que sea su delito.*

*2. Considera que el imperio de la ley es la expresión de la voluntad popular, tal y como establece el preámbulo de la Constitución, y compromete a todos los poderes para su cumplimiento.*

*3. Anima a los dos partidos mayoritarios a buscar acuerdos de Estado que eviten que la sociedad española se vea sometida a las condiciones ilegales de partidos independentistas.*

*4. Dar traslado de estos acuerdos a Presidencia del Gobierno, a la Vicepresidencia primera y ministerio de Asuntos Económicos y Transformación Digital, a la Vicepresidencia segunda y ministerio de Trabajo y Economía Social, al ministerio de Política Territorial, y a los portavoces parlamentarios en el Congreso y el Senado; así a la Junta de Gobierno de la FEMP."*

*21.- Ordenanza fiscal número 21, reguladora da taxa por postos, barracas, casetas de venda, espectáculos e atraccións sitas en terreos de uso público e industrias de rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica*
*22.- Ordenanza fiscal número 22, reguladora da taxa pola prestación do Servizo da escola infantil municipal Chalet Rosa*
*23.- Ordenanza fiscal número 23, reguladora da taxa pola utilización da pista de pádel, a´si como a prestación de servizos no pavillón e noutras pistas municipais*
*24.- Ordenanza fiscal número 24, reguladora da taxa pola prestación do Servizo público da Piscina municipal e ximnasio*
*25.- Ordenanza fiscal número 25, reguladora da taxa pola utilización do albergue de peregrinos*
*26.- Ordenanza fiscal número 26, reguladora da taxa pola visita ao Castelo de Andrade e a Torre dos Andrade.*
*27.- Ordenanza fiscal número 27, reguladora da taxa por Licenzas autotaxi e demáis vehículos de aluguer*
*28.- Ordenanza fiscal número 28, reguladora da taxa por deposito, tala, e transporte de madeira de tala*
*29.- Ordenanza fiscal número 29, reguladora da taxa pola prestación de servizos relativos á posesión de animais de compañía e potencialmente perigosos*
*30.- Ordenanza número 30, reguladora do prezo público pola participación en talleres culturais, escolas e actividades deportivas*
*31..- Ordenanza número 31, reguladora do prezo público pola participación no campamento urbano de verán.*
*32.- Ordenanza número 32, reguladora do prezo público pola participación en actividades deportivas de verán (Escolas deportivas de verán)*
*33.- Ordenanza número 33, reguladora do prezo público polo Servizo de madrugadores*
*34.- Ordenanza número 34, reguladora do prezo público polo Servizo Axuda no fogar do Concello de Pontedeume*
*35.- Ordenanza número 35, reguladora do prezo público polo Servizo de venda do libro Os bolechas veñen ás festas das peras de Pontedeume*

***SEGUNDO-*** *Aprobar provisionalmente as seguintes modificacións das Ordenanzas fiscais nos termos contidos na redacción proposta:*

***2.1 Modificar a Ordenanza fiscal número 1, reguladora do imposto sobre Bens Inmobles (IBI), nos seguintes termos:***

*"Artigo 1. TIPO IMPOSITIVO*
*De conformidade co previsto no artigo 72 do Real decreto lexislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais:*
*a.- O tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles aplicábel aos bens urbanos queda fixado no 0,60%*

FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 31/10/2023 11:18:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 31/10/2023 11:20:00)
Versión imprimible
CVD: FGRWLNbWXM5fevIKoDaJ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*b.- O tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles aplicábel aos bens rústicos queda fixado no 0,50%*
*c.- O tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles aplicábel aos de características especiais queda fixado no 1,3%".*
*En aplicación do sinalado no artigo 73.3 do TRLFL, se propón incluír unha bonificación no artigo 3 da Ordenanza, engadindo un apartado 4, co seguinte tenor literal:*
*"4. Terán dereito a unha bonificación do 95 por cento da cota íntegra e, no seu caso, do recargo do imposto a que se refire o artigo 153 desta lei, os bens rústicos das cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra, nos termos establecidos na Lei 20/1990, de 19 de decembro, sobre Réxime Fiscal das Cooperativas".*
*"DISPOSICIÓN DERRADEIRA*
*A presente modificación da Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2024, e se manterá vixente ata a súa modificación ou derrogación expresa"*

***2.2.- Modificar a Ordenanza fiscal número 2 reguladora do Impostos sobre actividades económicas (IAE), nos seguintes termos:***

*"Artigo 5.2 COEFICIENTES DE SITUACIÓN*
*"2.- Sobre as cotas incrementadas por aplicación do coeficiente sinalado no artigo 86 do Real decreto lexislativo 2/2004, e atendendo á categoría fiscal da vía pública onde radica fisicamente o local en que se realiza a actividade económica, establécense os seguintes coeficientes de situación*

| | | |
|---|---|---|
| *Categoría fiscal das vías públicas* | *1ª* | *2ª* |
| *Coeficiente de situación aplicábel* | *1,3* | *1,5"* |

*"Artigo 7º INFRACCIÓNS E SANCIÓNS*
*Para todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e á imposición das sancións correspondentes, rexerá o disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, xeral tributaria"*

*"DISPOSICIÓN DERRADEIRA*
*A presente modificación da Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2024, e se manterá vixente ata a súa modificación ou derrogación expresa"*

***2.3- Modificar a Ordenanza fiscal número 3 reguladora do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM), nos seguintes termos:***

*"Artigo 1º*
*De conformidade co previsto no artigo 95.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, as cotas do*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 31/10/2023 11:18:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 31/10/2023 11:20:00)
Versión imprimible
CVD: FGRWLNbWXM5fevIKoDaJ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*Imposto sobre vehículos de tracción mecánica aplicable neste municipio se incrementarán mediante a aplicación do coeficiente 1,60, con arranxo ao seguinte cadro de tarifas:*
*A) Turismo:*
*De menos de 8 cabalos fiscais: 20,19 euros*
*De 8 ata 11,99 cabalos fiscais: 54,53 euros*
*De 12 ata 15,99 cabalos fiscais: 115,11 euros*
*De 16 a 19,99 cabalos fiscais: 143,37 euros*
*De 20 cabalos fiscais en adiante: 179,20 euros*
*B) Autobuses:*
*De menos de 21 prazas: 133,28 euros*
*De 21 a 50 prazas: 189,83 euros*
*De máis de 50 prazas: 237,28 euros*
*C) Camións:*
*De menos de 1.000 quilogramos de carga útil: 67,65 euros*
*De 1.000 a 2.999 quilogramos de carga útil: 133,28 euros*
*De máis de 2.999 a 9.999 quilogramos de carga útil: 183,83 euros*
*De máis de 9.999 quilogramos de carga útil: 237,28 euros*
*D) Tractores:*
*De menos de 16 cabalos fiscais: 28,27 euros*
*De 16 a 25 cabalos fiscais: 44,43 euros*
*De máis de 25 cabalos fiscais: 133,28 euros*
*E) Remolques e semiremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica:*
*De menos de 1.000 e máis de 750 quilogramos de carga útil: 28,27 euros.*
*De 1.000 a 2.999 quilogramos de carga útil: 44,43euros*
*De máis de 2.999 quilogramos de carga útil: 133,28 euros*
*F) Outros vehículos:*
*Ciclomotores: 7,07 euros*
*Motocicletas ata 125 c.c.: 7,07 euros*
*Motocicletas de máis de 125 ata 250 c.c.: 12,11 euros*
*Motocicletas de máis de 250 ata 500 c.c.: 24,24 euros*
*Motocicletas de máis de 500 ata 1.000 c.c.: 48,47euros*
*Motocicletas de máis de 1.000 c.c.: 96,93 euros"*
*"DISPOSICIÓN DERRADEIRA*
*A presente modificación da Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2024, e se manterá vixente ata a súa modificación ou derrogación expresa"*

***TERCEIRO**.- Unha vez adoptado o acordo provisional expresado, publicar o anuncio de exposición pública do expediente na forma disposta polo artigo 17.1 y 2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais por prazo de trinta días, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e alegacións que estimen oportunas. Transcorrido este prazo non presentándose reclamacións nin alegacións,o presente acordo quedará elevado a definitivo sen necesidade de novo acordo, de conformidade co o artigo 17.3 Real Decreto Lexislativo*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 31/10/2023 11:18:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 31/10/2023 11:20:00)
Versión imprimible
CVD: FGRWLNbWXM5fevIKoDaJ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*2/2004, do 5 de marzo, publicándose, integramente no BOP o texto refundido da dita Ordenanza logo das modificacións, segundo a redacción que consta no anexo.*

***ANEXO***

***TEXTOS CONSOLIDADOS***

***1.- Ordenanza fiscal número 1, reguladora do imposto sobre bens inmobles***

*Publicación provisional:* ***18/02/2003*** *BOP Nº:* ***40***
*Publicación definitiva:* ***31/03/2003*** *BOP Nº:* ***74***
*Última modificación aplicable dende:* ***01/01/2023***

***PROPOSTA DE MODIFICACIÓN***

***Artigo 1. TIPO IMPOSITIVO***

*De conformidade co previsto no artigo 72 do Real decreto lexislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais:*

*a.- O tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles aplicábel aos bens urbanos queda fixado no 0,60%*
*b.- O tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles aplicábel aos bens rústicos queda fixado no 0,50%*
*c.- O tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles aplicábel aos de características especiais queda fixado no 1,3%.*

***Artigo 2- EXENCIÓNS***

*1.- Gozarán de exención os inmobles previstos no artigo 62.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.*
*2.- Gozarán tamén de exención, despois de solicitude, os inmobles previstos no artigo 62.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.*
*3.- Gozarán así mesmo de exención os seguintes inmobles:*
*A. Os bens urbanos, sempre que a cota líquida, resultante da aplicación dos beneficios fiscais, sexa inferior a 3 euros.*
*B. Os bens rústicos, sempre que a cota líquida, resultante da aplicación dos beneficios fiscais, sexa inferior a 1 euro.*

***Artigo 3 - BONIFICACIÓNS.***



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 31/10/2023 11:18:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 31/10/2023 11:20:00)
Versión imprimible
CVD: FGRWLNbWXM5fevIKoDaJ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

***1.-*** *Gozarán dunha bonificación do 50 por 100 na cota do imposto os inmobles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, tanto de obra nova como de rehabilitación equiparábel a esta, e que non figuren entre os bens do seu inmobilizado.*

*O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá dende o período impositivo seguinte a aquel en que comecen as obras ata o posterior ao remate das mesmas, sempre que durante ese tempo se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, e sen que, en ningún caso, poida exceder de tres períodos impositivos. A solicitude da bonificación débese formular durante o ano correspondente ao inicio das obras*

*Para gozar da citada bonificación, os interesados deberán presentar a documentación seguinte:*

*A. Certificación ou copia cotexada da preceptiva licenza municipal que autorice a realización das obras.*

*B. Copia do recibo en concepto de imposto sobre bens inmobles, correspondente ao inmoble ao que se refire a solicitude de exención. No seu defecto: certificación expedida pola Xerencia Territorial do Catastro da Coruña- provincia, na que conste a referencia catastral do referido inmoble.*

*C. Certificación do técnico-director das obras de construción, visada polo colexio oficial competente, na que se indique a data de inicio das obras.*

*D. Documentación que acredite que o inmoble anteriormente mencionado polo que se solicita a bonificación non figura entre os bens do inmobilizado da empresa: cédula de cualificación provisional, se se trata de vivendas de protección oficial; fotocopia do último balance de situación presentado ante Facenda; a certificación do censor xurado de contas, na que conste tal circunstancia.*

*E. Documentación na que se acredite que os inmobles cuxas obras teñen principiado constitúen o obxecto da empresa de urbanización, construción ou promoción inmobiliaria: fotocopia dos estatutos sociais ou fotocopia da declaración de alta no imposto sobre actividades económicas.*

*En calquera caso, a presentación da solicitude fóra do prazo estabelecido determinará a denegación da bonificación solicitada.*

***2.-*** *As vivendas de protección oficial, e as equiparábeis a estas segundo a lei da comunidade autónoma, gozarán dunha bonificación do 50 por 100 durante o prazo de tres anos, contados dende o exercicio seguinte ao do outorgamento da cualificación definitiva. Esta bonificación terá que ser solicitada polo interesado en calquera momento anterior ao remate do prazo de tres anos e terá efectos desde o período seguinte ao da solicitude.*

*Os solicitantes presentarán a cédula de cualificación definitiva como vivenda de protección oficial do inmoble e a documentación acreditativa da titularidade do devandito inmoble.*

***3.-*** *Terán dereito a unha bonificación do 90% ou 50% da cota íntegra do imposto, os suxeitos pasivos pai, nai ou titor- titulares de familia numerosa, relativa á vivenda que constitúa a residencia habitual da familia, entendéndose como residencia habitual aquela na que figure empadroado e sempre e cando cumpran as seguintes condicións:*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 31/10/2023 11:18:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 31/10/2023 11:20:00)
Versión imprimible
CVD: FGRWLNbWXM5fevIKoDaJ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*a) Se a renda neta da unidade familiar dividida polo número de membros, no exercicio foran iguais ou inferiores ao Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM), a bonificación será do 90%.*
*b) Se a renda neta da unidade familiar dividida polo número de membros sexa inferior ou igual o IPREM multiplicado por 2 e superior a cantidade prevista no apartado a) a bonificación será do 50%.*
*c) Os suxeitos pasivos deberán acreditar a renda neta da unidade familiar ou autorizar a petición de datos á Axencia Tributaria. Os ingresos acreditados dun exercicio compararanse co IPREM do mesmo exercicio que os ditos ingresos.*
*d) A condición de familia numerosa acreditarase mediante a presentación do carné de familia numerosa.*
*Esta bonificación terá carácter rogado e fornecerá efectos, no seu caso, desde o período impositivo seguinte a aquel en que se solicite, sempre que, previamente, reúna as condicións e se acredite ante o Concello o cumprimento dos requisitos esixidos para o seu outorgamento. Dita bonificación manterase ata o período impositivo no que se perda a condición de familia numerosa por calquera causa, vindo os suxeitos pasivos obrigados a comunicar á Administración dita circunstancia, sen prexuízo das facultades de comprobación e inspección da Administración.*

***4.-*** *Terán dereito a unha bonificación do 95 por cento da cota íntegra e, no seu caso, do recargo do imposto a que se refire o artigo 153 do TRLFL, os bens rústicos das cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra, nos termos establecidos na Lei 20/1990, de 19 de decembro, sobre Réxime Fiscal das Cooperativas.*

***Artigo 4º. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS***

*Para todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e á imposición das sancións correspondentes, rexerá o disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, xeral tributaria.*

***DISPOSICIÓN DERRADEIRA***

*A presente modificación da Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2024, e se manterá vixente ata a súa modificación ou derrogación expresa*

***2.- Ordenanza fiscal número 2, reguladora do imposto sobre actividades económicas***

*Publicación provisional:* ***04/11/2005*** *BOP Nº:* ***252***
*Publicación definitiva:* ***19/12/2005*** *BOP Nº:* ***288***
*Aplicable dende:* ***01/01/2006***

***PROPOSTA DE MODIFICACIÓN***



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 31/10/2023 11:18:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 31/10/2023 11:20:00)
Versión imprimible
CVD: FGRWLNbWXM5fevIKoDaJ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

***Artigo 1. NATUREZA E FEITO IMPOÑÍBEL***

*De conformidade co previsto nos artigos 78 e seguintes do Real decreto lexislativo 2/2004 polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o imposto de actividades económicas é un tributo obrigatorio, directo e de carácter real, que grava o mero exercicio, en territorio nacional, de actividades empresariais, profesionais ou artísticas; se exerzan ou non nun local determinado e se atopen ou non especificadas nas tarifas do imposto.*

***Artigo 2. EXENCIÓNS***

*1.- Están exentos do imposto os suxeitos pasivos previstos no artigo 82 do Real decreto lexislativo 2/2004.*
*2.- As exencións especificadas nas letras e), f) do devandito artigo 82.1 terán carácter rogado.*

***Artigo 3. BONIFICACIÓNS***

*1.- Os suxeitos pasivos terán dereito ás bonificacións previstas no art. 88 do Real decreto lexislativo 2/2004.*

***Artigo 4. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DOS BENEFICIOS FISCAIS***

*1.- As solicitudes para o recoñecemento dos beneficios fiscais de carácter rogado presentaranse nos impresos para o efecto nas oficinas de xestión, recadación e inspección tributaria da Excma Deputación Provincial da Coruña, acompañados da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos exixidos.*

***Artigo 5. COEFICIENTES DE SITUACIÓN***

*1.- Para os efectos do previsto no artigo 87 do Real decreto lexislativo 2/2004, as vías públicas deste municipio clasifícanse en dúas categorías fiscais:*
*1ª.- O Barreiro, A Campanilla, Os Castros, Covés, Pazos, A Pía, Allegue, Gunturiz, A Veiga, Vilamoire, Cabría Vella, O Castelo, Figueirido, O Goive, A Graña, O Lourido, O Silvar, A Viña, A Orela, Sobrado, Cornide, Fonte Melendre e A Igrexa (Vilar).*
*2ª.- Resto do municipio.*
*2.- Sobre as cotas incrementadas por aplicación do coeficiente sinalado no artigo 86 do Real decreto lexislativo 2/2004, e atendendo á categoría fiscal da vía pública onde radica fisicamente o local en que se realiza a actividade económica, estabelécense os seguintes coeficientes de situación*

| *Categoría fiscal das vías públicas* | *1ª* | *2ª* |
|---|---|---|



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 31/10/2023 11:18:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 31/10/2023 11:20:00)
Versión imprimible
CVD: FGRWLNbWXM5fevIKoDaJ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | |
|---|---|---|
| *Coeficiente de situación aplicábel* | *1,3* | *1,5* |

*3.- O coeficiente de situación aplicábel a calquera local vén determinado polo correspondente á categoría da rúa onde estea situado o acceso e, de haber varios, aquela que teña o índice máis alto.*

***Artigo 6. PERÍODO IMPOSITIVO E DATA DE EXIXIBILIDADE DO IMPOSTO***

*1.- O período impositivo coincide co ano natural, agás cando se trate de declaracións de alta. Neste caso abranguerá desde a data de comezo da actividade ata o final do ano natural.*
*2.- O imposto será exixíbel desde o primeiro día do período impositivo e as cotas serán irredutíbeis, agás cando, nos casos de declaración de alta, o día de comezo da actividade non coincida co ano natural. Neste suposto, as cotas calcularanse proporcionalmente ao número de trimestres naturais que resten para finalizar o ano, incluído o do comezo do exercicio da actividade.*

*3.- Así mesmo, e en caso de baixa por cesamento no exercicio da actividade, as cotas serán prorrateábeis por trimestres naturais, excluído aquel en que se produza o dito cesamento. Para este fin, os suxeitos pasivos poderán solicitar a devolución da parte da cota correspondente aos trimestres naturais en que non se exercera a actividade.*

***Artigo 7º. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS***

*Para todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e á imposición das sancións correspondentes, rexerá o disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, xeral tributaria.*

***DISPOSICIÓN DERRADEIRA***

*A presente modificación da Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2024, e se manterá vixente ata a súa modificación ou derrogación expresa*

***3.- Ordenanza fiscal número 3, reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica***

*Publicación provisional:* ***19/12/1998*** *BOP Nº:* ***290***
*Publicación definitiva:* ***19/12/1998*** *BOP Nº:* ***290***
*Aplicable dende:* ***01/01/2023***



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 31/10/2023 11:18:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 31/10/2023 11:20:00)
Versión imprimible
CVD: FGRWLNbWXM5fevIKoDaJ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

***Artigo 1º***

*De conformidade co previsto no artigo 95.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, as cotas do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica aplicable neste municipio se incrementarán mediante a aplicación do coeficiente 1,60, con arranxo ao seguinte cadro de tarifas:*

*A) Turismo:*
*De menos de 8 cabalos fiscais: 20,19 euros*
*De 8 ata 11,99 cabalos fiscais: 54,53 euros*
*De 12 ata 15,99 cabalos fiscais: 115,11 euros*
*De 16 a 19,99 cabalos fiscais: 143,37 euros*
*De 20 cabalos fiscais en adiante: 179,20 euros*
*B) Autobuses:*
*De menos de 21 prazas: 133,28 euros*
*De 21 a 50 prazas: 189,83 euros*
*De máis de 50 prazas: 237,28 euros*
*C) Camións:*
*De menos de 1.000 quilogramos de carga útil: 67,65 euros*
*De 1.000 a 2.999 quilogramos de carga útil: 133,28 euros*
*De máis de 2.999 a 9.999 quilogramos de carga útil: 183,83 euros*
*De máis de 9.999 quilogramos de carga útil: 237,28 euros*
*D) Tractores:*
*De menos de 16 cabalos fiscais: 28,27 euros*
*De 16 a 25 cabalos fiscais: 44,43 euros*
*De máis de 25 cabalos fiscais: 133,28 euros*
*E) Remolques e semiremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica:*
*De menos de 1.000 e máis de 750 quilogramos de carga útil: 28,27 euros.*
*De 1.000 a 2.999 quilogramos de carga útil: 44,43euros*
*De máis de 2.999 quilogramos de carga útil: 133,28 euros*

*F) Outros vehículos:*
*Ciclomotores: 7,07 euros*
*Motocicletas ata 125 c.c.: 7,07 euros*
*Motocicletas de máis de 125 ata 250 c.c.: 12,11 euros*
*Motocicletas de máis de 250 ata 500 c.c.: 24,24 euros*
*Motocicletas de máis de 500 ata 1.000 c.c.: 48,47euros*
*Motocicletas de máis de 1.000 c.c.: 96,93 euros*

***Artigo 2º***

*1. O pagamento do imposto acreditarase mediante recibo.*

***Artigo 3º***



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 31/10/2023 11:18:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 31/10/2023 11:20:00)
Versión imprimible
CVD: FGRWLNbWXM5fevIKoDaJ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*1. En caso de primeiras adquisicións dun vehículo ou cando estes se reformen de maneira que se altere a súa clasificación a efectos do presente imposto, os suxeitos pasivos presentarán ante a oficina xestora correspondente, no prazo de trinta días a contar desde a data da adquisición ou reforma, declaración por este imposto segundo modelo aprobado polo concello ó que se lle achegarán: a documentación acreditativa da súa compra ou modificación, certificado das súas características técnicas e o Documento Nacional de Identidade ou o Código de Identificación Fiscal do suxeito pasivo.*

*2. A oficina xestora practicará a correspondente liquidación, normal ou complementaria, que será notificada individualmente ós interesados, con indicación do prazo de ingreso e dos recursos procedentes.*

*3. O sistema establecido neste artigo poderá ser substituído polo réxime de autoliquidación, segundo os modelos aprobados polo Concello para o efecto.*

***Artigo 4º***

*1. En caso de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para a circulación, o pagamento das cotas anuais do imposto realizarase dentro do primeiro semestre de cada exercicio, no prazo establecido polo Concello no seu calendario fiscal.*

*2. No suposto regulado no apartado anterior, a recadación das correspondentes cotas realizarase mediante o sistema de padrón anual no que figurarán tódolos vehículos suxeitos ó imposto que se achen inscritos no correspondente rexistro público a nome de persoas ou entidades domiciliadas neste termo municipal.*

*3. O padrón ou matrícula do imposto expoñerase ó público polo prazo de 15 días hábiles, para que os lexítimos interesados poidan examinalo e, no seu caso, formular reclamacións oportunas. A exposición ó público anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e producirá os efectos de notificación da liquidación a cada un dos suxeitos pasivos.*

***Artigo 5º***

*1. Establécese unha bonificación do 100% da cota incrementada do imposto para os vehículos históricos, ou aqueles cunha antigüidade mínima de vinte e cinco anos contados a partires da data da súa fabricación. Se esta non fose coñecida, tomarase como tal a da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data no que o correspondente tipo ou variante foi deixado de fabricar.*

*2. Así mesmo, establécese unha bonificación do 50% da cota incrementada do Imposto para os vehículos ós que se lle realice a adaptación técnica necesaria para a utilización do combustible de biogás, gas natural comprimido, metano, metanol, hidróxeno ou GLP.*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 31/10/2023 11:18:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 31/10/2023 11:20:00)
Versión imprimible
CVD: FGRWLNbWXM5fevIKoDaJ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*3. Así mesmo, establécese unha bonificación do 50% da cota incrementada do Imposto para os vehículos híbridos eléctricos (vehículos que combinan motores eléctricos e de combustión),que estean homologados de fábrica, incorporando dispositivos catalizadores, adecuados a súa clase e modelo, que minimicen as emisións contaminantes.*
*Igualmente terán a mesma bonificación os vehículos eléctricos e/ou de emisións nulas.*

*4. Para poder gozar das bonificacións referidas nos parágrafos 1, 2 e 3 do presente artigo, os interesados deberán instar a súa concesión acreditando documentalmente que cumpren coas especificacións esixidas para o seu desfrute.*

*O peticionario deste beneficio fiscal deberá acompañar á solicitude unha copia da ficha de características técnicas do vehículo, así como a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos necesarios. Achegarán tamén, unha copia do permiso de circulación, aos efectos de acreditar a titularidade do vehículo.*

*A persoa peticionaria deberá estar ao corrente do pago do imposto.*
*- Os interesados deberán presentar a solicitude antes da data do devengo do imposto. En caso contrario a bonificación aplicarase dende o exercicio seguinte ao da solicitude.*

***Artigo 5º bis. exencións***

*1.-Estarán exentos do imposto os vehículos incluídos no artigo 93.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais,*

*2. Os interesados na concesión das exencións do artigo 94.1. apartados e) e g) da LFL deberán presentar a solicitude de exención con anterioridade a data do devengo do Imposto.*
*En caso contrario, a concesión da exención terá efectos desde o período impositivo seguinte ao da solicitude.*

*3. A concesión ou denegación das exencións do artigo 94.1. apartados e) e g) da LFL será efectuada pola Xunta de Goberno Local, previo informe do Servicio de xestión e recadación tributaria municipal.*

***Artigo 6º***

*Para o non expresamente previsto na presente ordenanza, rexerán os preceptos 3isposic da Subsección 4º , da sección 3º, do capítulo II, do título II do citado RD Lex 2/2004,de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, concordantes e complementarios da mesma, e nas demais leis do estado reguladoras da materia, así como nas disposición ditadas para o seu desenvolvemento.*

***DISPOSICIÓN DERRADEIRA***



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 31/10/2023 11:18:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 31/10/2023 11:20:00)
Versión imprimible
CVD: FGRWLNbWXM5fevIKoDaJ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*A presente modificación da Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2024, e se manterá vixente ata a súa modificación ou derrogación expresa"*

A Presidencia abre a quenda para o debate.

**Toma a palabra a Sr. Concelleira dona Rosario Huertas Garabana do PSdeG-PSOE**, e indica en primeiro lugar o seu agradecemento aos departamentos de Secretaria, Intervención e Tesouraría polo enorme traballo realizado para poder traer a este Pleno esta modificación de ordenanzas fiscais; e que se se aproban van a permitir aplicar a Lei orgánica 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira que resulta necesaria para acadar unha posición de equilibrio ou superávit no próximo exercicio 2024.

*(As 13 h e 15 min o concelleiro do PSdeG-PSOE don José Simoes Couceiro abandona a sesión)*

Continúa dicindo que os indicadores relevantes para a avaliación dos ingresos dos contribuíntes evolucionaron de modo moi similar ao IPC por iso se tomou este como referencia; e que ningún dos indicadores determina de modo automático a contía de actualización dos tributos pero constitúen unha referencia económica importante que amosa as dificultades para cumprimentar o obxectivo de estabilidade orzamentaria no vindeiro exercicio 2024.

Continua dicindo que en ningún momento se cubre o custo do servizo da actividade, hai un estudo económico por cada proposta de modificación de ordenanza na que se explica que os ingresos do servizo non superan en ningún caso os custos, quedando por debaixo; a suba proposta é a mínima que nos podemos permitir. Pon algúns exemplos; o IVTM en caso de 8 ata 11,99 cv polo que se pagaba 47,71 euros, sendo o máis habitual neste Concello pasa a 54,53 euros; actividades culturais de 5,00 por unha hora 5,97 euros, polas de 1h30min pasaríamos de 7,5 a 8,95...Indica que non son subidas grandes pero que a nivel orzamentario van facilitar moito as cousas.

**Toma a palabra o Sr. Pena Mosquera do BNG**, que solicita que se atrase o punto ata o próximo pleno.

*(As 13 h e 18 min o concelleiro do PSdeG-PSOE don José Simoes Couceiro regresa á sesión)*

Ante esta solicitude tanto **o Sr. Presidente como a concelleira a Sra. Huertas Garabana** indican que non é posible atrasalo porque se non se aproba non vai ser posible que se poda aplicar o día 1 de xaneiro de 2024 xa que precisa duns prazos e se estes non se cumpren a aplicación xa se demoraría ao ano 2025

**Retoma a palabra o Sr. Pena Mosquera** indicando que como oposición é moi difícil poder opinar sobre este tema, o luns foron convocados a unha xunta de portavoces, onde non se trouxo ningún informe.

**Interrompe a Sr. Bellón Tenreiro do PSdeG-PSOE** para indicar que na xunta de portavoces se fixo un resumo explicando punto por punto explicando todo isto.



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 31/10/2023 11:18:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 31/10/2023 11:20:00)
Versión imprimible
CVD: FGRWLNbWXM5fevIKoDaJ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**Interrompe** a **Sr. Souto Torre do BNG** que indica que un resumo é un resumo e que os documentos, informes, propostas os recibiron esa mesma maña. E indica que están de acordo coa suba de impostos.

**Interrompe o Sr. Presidente** para indicar que non é que non se quixeran levar informes a esa xunta de portavoces, senón que os informes non estaban totalmente rematados, que aínda o día anterior ao Pleno as 22:00 horas asinaran as propostas e o informe de secretaria. E insiste en que hai que levalo a este pleno porque senón non se pode aplicar no 2024 e estariase incumprindo o obxectivo de estabilidade orzamentaria; e a outra opción de recortar servizos, non é viable.

**Retoma o uso da palabra o Sr. Pena Mosquera** indicando que todas as cousas teñen un fondo e unha forma; indica que en relación ao fondo están a favor de que os custos dos servizos públicos de calidade teñen que ser pagados cos impostos correspondentes, polo que desexarían votar a favor; pero en canto a forma coa que se fan as cousas, tarde, mal e arrastro; sen culpar á Intervención nin a Tesouraría municipal no é apropiada. Continúa dicindo que na xunta de portavoces non se recibe ningún tipo de documentación sobre este tema, e non é ata hoxe pola maña cando vemos eses documentos completos e non son capaces con tan pouco tempo de ter unha opinión formada; que lles gustaría poder trasladar á opinión pública o que están a votar e pon de exemplo que non sabe dicirlles en que porcentaxe soben porque se fala de IPC acumulado pero non se indica o dato.

**Continúa o Sr. Pena Mosquera** indicando que están a favor da modificación das ordenanzas e máxime cando sabe que algunhas aínda estaban en pesetas, que seguramente terían algún matiz que aportar como por exemplo barallar máis execcións para colectivos vulnerables e é aquí onde se centraría o debate; non na subida das mesmas; xa que reitera que están a favor da subida de impostos. Anuncia que o seu voto é a abstención.

**Toma a palabra a Sr. Pico Rodeiro do PP** para indicar que na Xunta de Portavoces, segundo llo trasladou o seu compañeiro de partido, se explicou claramente o que se pretendía levar a este Pleno. Manifesta que non van poñer oposición neste asunto; sen embargo indica que hai que mellorar un pouco os prazos porque é demasiada documentación, e ela porque se meteu o "atracón" pola maña. Di que hai que ser máis previsores que a documentación debería estar a disposición polo menos 24 horas xa que a xente traballa ou ten a súas cousas.

Continúa dicindo que quere resaltar o tema do déficit que hai no servizo de recollida de lixo, porque ten entendido que hai un informe que indica que hai xente que non está a pagar polo servizo; que lle parece moi ben que se suba a taxa, pero o que non se pode facer e subir a quen pagan e os que non pagan deixalos así, non corrixir estas eivas.

**Toma a palabra o Sr. Presidente** para indicar en primeiro lugar, que quere pedir desculpas pola présa coa que se trouxo a Pleno; e que a pesar de que o Sr. Pena Mosquera di que é habitual, pero di que non é por "deixadez" do goberno; senón que o volume de traballo que hai é elevado; que os funcionarios están a traballar noutros expedientes; pero que o goberno non espera a última hora para decidir as cousas senón que a tramitación dos expedientes é lenta e ás veces acabase, como neste caso o día anterior as 23 h. Indica que se existise marxe para a adopción do acordo, o goberno non tería inconveniente en trasladalo ao mes seguinte pero insiste en que ou se fai agora ou senón non se pode aplicar para o orzamento 2024. Indica que a modificación afecta só aos prezos das ordenanzas, non ao resto do articulado das mesmas. Indica o tamén que quere recordarlles aos concelleiros que estiveron máis de dous anos sen

FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 31/10/2023 11:18:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 31/10/2023 11:20:00)
Versión imprimible
CVD: FGRWLNbWXM5fevIKoDaJ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

tesoureira municipal e que actual está acumulada con outro concello polo que só está un ou dous días a semana.

Continúa o Sr. Presidente dicindo que se está a facer o que se pode cos medios dos que se dispón e que a cidadanía os volveu a elixir para que continuasen con traballo, que é o que se está a facer. Indica que se lles indicou na Xunta de Portavoces, que se os concelleiros tiñan calquera dúbida ao respecto, podían chamar a Intervención ou a Tesouraría para a súa aclaración. E sobre as exencións e bonificación, indica que se están a aplicar todas as que permite a Lei

**Toma a palabra o Sr. Pena Mosquera** para reiterar que non poden votar a favor porque non sabe o que ten que votar, que non pode dar explicacións a cidadanía de canto soben os impostos e as taxas; para eles é inasumible; e recoñece que si se estivo a traballar pero que a oposición que está a representar unha parte da veciñanza, ten que saber o que está a votar, que o propio Presidente recoñece que chega tarde, mal e arrastro e non é por culpa da oposición do BNG. Insiste en que se lles preguntan pola súa postura política sobre os impostos a resposta será que os impostos deberán ser os suficientes para dar un servizo público de calidade, e se é necesario consultarlles para cambiar algunha ordenanza, os terán ao lado para que sexan o máis xustas posibles.

**Reitera o Sr. Presidente** que a situación económica do Concello é a que explicou anteriormente, que ve que están de acordo en canto ao fondo do asunto e non critica a súa abstención.

**Continúa o Sr. Presidente** indicando que se detectou que hai unha cantidade importante de vivendas que non pagan o lixo dende hai moitos anos, hai moita vivenda nova e edificios sen licenza de primeira ocupación que non se están a dar de alta no servizo; chegando a detectarse 1800 persoas que non pagan polo servizo; e tamén hai casos no casco histórico que edificios enteiros que son da mesma familia, pero con varias vivendas só están a pagar por unha. Indica que se pode chegar a ingresar preto duns 150.000 euros ao ano; pero aínda así o servizo sería deficitario. Di que non é fácil localizar a todos eses propietarios, porque a referencia catastral non se corresponde coa dirección tributaria, e o que se vai a facer é facer unha comunicación masiva a todos os contribuíntes do lixo, paguen ou non; e que estes aporten documentación acreditativa do pagamento do servizo; e aqueles non acrediten procederase a cobrar o servizo con catro anos para atrás que é o que permite a Lei.

**Toma a palabra o Sr. Pena Mosquera**, para engadir dous temas, en primeiro lugar que sobre as ordenanzas, e indica que quere que conste en acta que hai un informe negativo máxima autoridade lexislativa do concello que entende que é a Secretaria Municipal. E sobre o tema do lixo pediría ao Concello que se informase publicamente para que todo o mundo sexa coñecedor, e que se dean facilidades de pagamento fraccionado.

**Responde o Sr. Presidente** que sobre o informe desfavorable da Secretaría Municipal indica que non hai un estudo de custes dos servizos; pero deciden igualmente levalo a pleno pero nos informes de Intervención e Tesouraría si que se analiza a situación dos servizos e se conclúe que non se supera o custe dos servizos.



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 31/10/2023 11:18:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 31/10/2023 11:20:00)
Versión imprimible
CVD: FGRWLNbWXM5fevIKoDaJ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Sen máis intervencións, sometese a votación a proposta, quedando **ADOPTADO**, por **MAIORÍA de 9 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, Dª. Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, Dª Alejandra Bellon Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro Garcia Otero, Dª. Angela Piñeiro Carrera, D. Joshua Dopico Lopez e Dª. Manuela Garcia Fachal **e 4 abstencións** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do BNG, D. Luis Pena Mosquera e Dª María Rocio Souto Torre; e dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PP D. Santiago Jose Rodriguez Piñeiro e Dª. Montserrat Pico Rodeiro o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-**Renumerar as Ordenanzas do Concello de Pontedeume, coa seguinte numeración:

**IMPOSTOS**

1.- Ordenanza fiscal número 1, reguladora do imposto sobre Bens Inmobles (IBI)
2.- Ordenanza fiscal número 2, reguladora do Impostos sobre actividades económicas (IAE)
3.- Ordenanza fiscal número 3, reguladora do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM)
4.- Ordenanza fiscal número 4, reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras
5.- Ordenanza fiscal número 5, reguladora do Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.

**TAXAS e PREZOS PÚBLICOS**

6.- Ordenanza fiscal número 6, reguladora da taxa polo subministro de auga potable
7.- Ordenanza fiscal número 7, reguladora da taxa polo mantemento da rede de saneamento (rede de sumidorios) e depuración de augas residuais
8.- Ordenanza fiscal número 8, reguladora da taxa por recollida de lixo
9.- Ordenanza fiscal número 9, reguladora da taxa por Entrada vehículos a través da beirarrúa e as reservas da vía pública para aparcamento, carga e descarga de mercadorías de calquera clase
10.- Ordenanza fiscal número 10, reguladora da taxa Licenzas urbanísticas
11.- Ordenanza fiscal número 11, reguladora da taxa pola intervención municipal nas comunicación previas, declaración responsables e no outorgamento de licenzas de apertura de establecementos ou de actividades
12.- Ordenanza fiscal número 12, reguladora da taxa do cemiterio municipal
13.- Ordenanza fiscal número 13, reguladora da taxa polo aproveitamento especial do dominio público local a favor de empresas explotadoras de servizos de subministracións de interese xeral
14.- Ordenanza fiscal número 14, reguladora da taxa por aproveitamentos especiais da vía pública mediante caixeiros automáticos de entidades financeiras instalados na fachada de establecementos e con acceso directo dende a vía pública
15.- Ordenanza fiscal número 15, reguladora da taxa por ocupación de postos no mercado municipal



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 31/10/2023 11:18:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 31/10/2023 11:20:00)
Versión imprimible
CVD: FGRWLNbWXM5fevIKoDaJ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

16.- Ordenanza fiscal número 16, reguladora da taxa por ocupación terreos de uso público con mercadorias, materiais de construcción, entullos, valados, tesoiras, estadas e outras instalación análogas
17.- Ordenanza fiscal número 17, reguladora da taxa por ocupación terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa
18.- Ordenanza fiscal número 18, reguladora da taxa por instalación de quioscos na vía pública
19.- Ordenanza fiscal número 19, reguladora da taxa por ocupación de subsolo, solo e voo da vía pública
20.- Ordenanza fiscal número 20, reguladora da taxa por pola utilización de columnas, soportes de carteis e outras instalación para exhibición de anuncios
21.- Ordenanza fiscal número 21, reguladora da taxa por postos, barracas, casetas de venda, espectáculos e atraccións sitas en terreos de uso público e industrias de rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica
22.- Ordenanza fiscal número 22, reguladora da taxa pola prestación do Servizo da escola infantil municipal Chalet Rosa
23.- Ordenanza fiscal número 23, reguladora da taxa pola utilización da pista de pádel, a´si como a prestación de servizos no pavillón e noutras pistas municipais
24.- Ordenanza fiscal número 24, reguladora da taxa pola prestación do Servizo público da Piscina municipal e ximnasio
25.- Ordenanza fiscal número 25, reguladora da taxa pola utilización do albergue de peregrinos
26.- Ordenanza fiscal número 26, reguladora da taxa pola visita ao Castelo de Andrade e a Torre dos Andrade.
27.- Ordenanza fiscal número 27, reguladora da taxa por Licenzas autotaxi e demáis vehículos de aluguer
28.- Ordenanza fiscal número 28, reguladora da taxa por deposito, tala, e transporte de madeira de tala
29.- Ordenanza fiscal número 29, reguladora da taxa pola prestación de servizos relativos á posesión de animais de compañía e potencialmente perigosos
30.- Ordenanza número 30, reguladora do prezo público pola participación en talleres culturais, escolas e actividades deportivas
31..- Ordenanza número 31, reguladora do prezo público pola participación no campamento urbano de verán.
32.- Ordenanza número 32, reguladora do prezo público pola participación en actividades deportivas de verán (Escolas deportivas de verán)
33.- Ordenanza número 33, reguladora do prezo público polo Servizo de madrugadores
34.- Ordenanza número 34, reguladora do prezo público polo Servizo Axuda no fogar do Concello de Pontedeume
35.- Ordenanza número 35, reguladora do prezo público polo Servizo de venda do libro Os bolechas veñen ás festas das peras de Pontedeume

**SEGUNDO-** Aprobar provisionalmente as seguintes modificacións das Ordenanzas fiscais nos termos contidos na redacción proposta:



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 31/10/2023 11:18:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 31/10/2023 11:20:00)
Versión imprimible
CVD: FGRWLNbWXM5fevIKoDaJ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**2.1 Modificar a Ordenanza fiscal número 1, reguladora do imposto sobre Bens Inmobles (IBI), nos seguintes termos:**

"Artigo 1. TIPO IMPOSITIVO
De conformidade co previsto no artigo 72 do Real decreto lexislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais:
a.- O tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles aplicábel aos bens urbanos queda fixado no 0,60%
b.- O tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles aplicábel aos bens rústicos queda fixado no 0,50%
c.- O tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles aplicábel aos de características especiais queda fixado no 1,3%".
En aplicación do sinalado no artigo 73.3 do TRLFL, se propón incluír unha bonificación no artigo 3 da Ordenanza, engadindo un apartado 4, co seguinte tenor literal:
“4. Terán dereito a unha bonificación do 95 por cento da cota íntegra e, no seu caso, do recargo do imposto a que se refire o artigo 153 desta lei, os bens rústicos das cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da tierra, nos termos establecidos na Lei 20/1990, de 19 de decembro, sobre Réxime Fiscal das Cooperativas”.
"DISPOSICIÓN DERRADEIRA
A presente modificación da Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2024, e se manterá vixente ata a súa modificación ou derrogación expresa"

**2.2.- Modificar a Ordenanza fiscal número 2 reguladora do Impostos sobre actividades económicas (IAE), nos seguintes termos:**

“Artigo 5.2 COEFICIENTES DE SITUACIÓN
"2.- Sobre as cotas incrementadas por aplicación do coeficiente sinalado no artigo 86 do Real decreto lexislativo 2/2004, e atendendo á categoría fiscal da vía pública onde radica fisicamente o local en que se realiza a actividade económica, estabelécense os seguintes coeficientes de situación

| Categoría fiscal das vías públicas | 1ª | 2ª |
|---|---|---|
| Coeficiente de situación aplicábel | 1,3 | 1,5" |

“Artigo 7º INFRACCIÓNS E SANCIÓNS
Para todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e á imposición das sancións correspondentes, rexerá o disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, xeral tributaria”
"DISPOSICIÓN DERRADEIRA
A presente modificación da Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2024, e se manterá vixente ata a súa modificación ou derrogación expresa"



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 31/10/2023 11:18:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 31/10/2023 11:20:00)
Versión imprimible
CVD: FGRWLNbWXM5fevIKoDaJ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**2.3- Modificar a Ordenanza fiscal número 3 reguladora do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM), nos seguintes termos:**

"Artigo 1º
*Co pacto do Majestic, ademais, elimináronse os gobernadores civís, cedeuse o 30% do IRPF, traspasouse o INEM e as políticas activas de emprego, modificouse a Lei de Portos para que a Generalitat nomee aos presidentes dos portos de interese xeral... E Cataluña aprobou unha Lei de Normalización Lingüística sen que o PP nin a dereita mediática rechistaran.*

*E a todo iso hai que engadir os indultos a 16 membros da banda terrorista Terra Lliure que concedeu o Goberno de Aznar en 1996.*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 31/10/2023 11:18:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 31/10/2023 11:20:00)
Versión imprimible
CVD: FGRWLNbWXM5fevIKoDaJ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*Blanco e en botella: se o acorda o PP, mesmo moito máis, é responsabilidade e pacto de Estado; se o fai o PSOE, entón rompe España con tal de manterse no poder.*

*Durante a tramitación do novo Estatuto de Autonomía de Cataluña, o PP volveu demostrar a súa irresponsabilidade e a súa dobre vara de medir. Mentres recorría #ante o Tribunal Constitucional unha infinidade de artigos do novo Estatuto catalán, Rajoy votaba a favor artigos idénticos noutros Estatutos (incluída a bilateralidad, por exemplo).*

*Á súa vez, Rajoy recollía firmas contra o Estatuto catalán para pedir un referendo sobre o mesmo en toda España con a seguinte pregunta: Considera conveniente que España siga sendo unha única nación na que todos os seus cidadáns sexan iguais en dereitos e obrigacións, así como no acceso ás prestacións públicas?*

*Novamente viña a dicir que España rompía e que non habería igualdade entre os españois. Dezasete anos despois a mesma música, a mesma letra e España non se rompeu, mesmo a pesar dos ataques contra a convivencia do PP.*

***Dous referendos ilegais e unha declaración unilateral de independencia co goberno de Mariano Rajoy. Cando España puido romper.***

*Aquela tensión á que Rajoy someteu as relacións de Catalunya e o conxunto de España están considerados como o inicio do procès que tanta confrontación e división produciu entre cataláns e que someteu a tanta tensión territorial ao noso país.*

*Así, a Diada do 11 de setembro de 2012, con Mariano Rajoy no Goberno, contou con a presenza dun millón e medio de cataláns que pedían a independencia, segundo a Garda Urbana de Barcelona. Poucos días despois, o Presidente do Goberno, Mariano Rajoy, e o da Generalitat de Catalunya, Artur Mas, reuníanse na Moncloa sen que houbese avance algún, pechándose toda opción de diálogo.*

*A consecuencia foi o adianto electoral en Cataluña ao 25 de novembro de 2012, cun claro enfoque plebiscitario. No mesmo debate de política xeral no que Mas anunciaba a convocatoria electoral, os independentistas aprobaban unha iniciativa no Parlament que comprometía a celebración dun referendo soberanista.*

*A negativa ao diálogo do PP é o mellor caldo de cultivo para o independentismo e o resultado electoral reforza as posicións independentistas cun incremento de 10 puntos na participación.*

*Así as cousas, o apoio ao independentismo crece nas rúas, rexistrando as Diadas de 2013 e 2014 o maior apoio ao independentismo nas rúas de Barcelona. Neses anos, segundo a Garda Urbana, os manifestantes ascenderon a 1,6 e 1,8 millóns respectivamente.*

*A de 2014 convértese no prolegómeno ao primeiro referendo ilegal pola independencia, celebrado o 9 de novembro dese ano a pesar de que Mariano Rajoy dixo que a consulta "nin se*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 31/10/2023 11:18:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 31/10/2023 11:20:00)
Versión imprimible
CVD: FGRWLNbWXM5fevIKoDaJ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*pode nin se vai a celebrar". Pero celebrouse, con centro de prensa e difusión de resultados incluído, a pesar da suspensión do Tribunal Constitucional. Un ridículo supino.*

*O desafío independentista aumenta #ante a inoperancia política do goberno do PP e o 27 de setembro de 2015 celébranse novas eleccións en Cataluña, cos dous partidos independentistas concorrendo nunha soa lista e cun claro compromiso para declarar a independencia.*

*Tras esas eleccións, Carles Puigdemont é elixido President da Generalitat, asume a unilateralidad como única alternativa, promovendo leis de desconexión de Cataluña co Estado, un novo referendo ilegal o 1 de outubro de 2017 e unha declaración unilateral de independencia o 27 do mesmo mes.*

*Mentres o independentismo seguía mobilizándose masivamente, con cifras por encima do millón de persoas naquelas Diadas previas á DUI, o goberno de Rajoy opta só pola vía punitiva, renunciando ao diálogo, con reformas legais que non conseguiron disuadir ao bloque independentista da súa actuación.*

*Non só iso, unha absoluta inoperancia na escena internacional e a nefasta xestión do 1 de outubro fan que, nos días vindeiros, resulte difícil explicar o ocorrido ante outros países, agravando o risco de fractura territorial.*

*Este é o triste balance da actuación ríxida do PP, cativa da súa actitude frontista contra algúns territorios, motivada polo espurio ánimo de obter mellores resultados electorais noutros lugares de España.*
*Desde logo, se houbo un momento no que España puido romper foi ese, non outro.*

*E nese momento, o PSOE apoiou ao Goberno ante semellante desafío, apoiando a aplicación do artigo 155 da Constitución e a convocatoria dunhas novas eleccións autonómicas, para garantir o respecto a a Constitución e o cumprimento da legalidade en Cataluña.*

***Cataluña está mellor hoxe que en 2017 e España non se rompeu.***

*Tras a moción de censura do 1 de xuño de 2018, a chegada de Pedro Sánchez á Presidencia do Goberno non só supón a saída da Moncloa dun Partido Popular condenado por corrupción e o fin das súas políticas de recortes e precariedade que tanto dano inflixiron a a cidadanía española. O novo goberno socialista inicia unha senda de diálogo en relación con Cataluña que continúa tras as eleccións xerais de 2019 co goberno de coalición progresista.*

*Unha senda de diálogo, que ao contrario que o feito polo PSOE desde a oposición con o 155, nunca contou con o respaldo do Partido Popular, novamente enfrascado en utilizar a confrontación territorial como arma para facer oposición ao Goberno de coalición progresista.*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 31/10/2023 11:18:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 31/10/2023 11:20:00)
Versión imprimible
CVD: FGRWLNbWXM5fevIKoDaJ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*Un diálogo que supuxo decisións difíciles, como os indultos parciais aos líderes independentistas condenados por o 1 de outubro e a declaración unilateral de independencia, pero que deu froitos evidentes. Ata o punto de que a situación de Cataluña e de España é moito mellor hoxe que en 2017.*

*Hoxe é moito mellor a convivencia entre os cataláns e destes co conxunto de España, hoxe é moito menor a mobilización do independentismo (a última Diada xuntou a 115.000 persoas, lonxe das cifras da anterior década) ehoxe cúmprese a Constitución en toda España (salvo na sede de Xénova do PP onde levan cinco anos bloqueando a renovación do CGPJ).*

*E si, hoxe tamén a primeira forza política en Cataluña é un partido constitucionalista como o PSC, tanto nas eleccións autonómicas de 2021 como nas pasadas municipais e nas máis recentes eleccións xerais.*

*Todo o relato anterior pon de manifesto que co diálogo como ferramenta e a Constitución como marco os froitos foron máis positivos para a convivencia e para a unidade de España. A confrontación e a falta de respecto aos principios constitucionais que amparan a diversidade cultural e lingüística do noso país son unha rara forma de garantir a unidade de España.*

***Unha reflexión final.***

*Conviría á dereita facer unha reflexión sobre as súas ameazas apocalípticas cada vez que goberna a esquerda en España: "desmantelamento da nación", "mutación constitucional", "plantar cara con toda a determinación a un plan que quere acabar coa Constitución"... Xa temos visto que os maiores riscos de ruptura producíronse co PP no Goberno.*

*Son frases que preceden a convocatorias de mobilizacións que teñen o tufo de asonadas trumpistas e que poñen de manifesto que non se dixire o resultado electoral nin se recoñece a lexitimidade dos gobernos que xorden da votación da cidadanía e das maiorías parlamentarias, como sinala o artigo 99da nosa Constitución. Mesmo con carácter preventivo como ocorre agora ou previo a unha celebración electoral como ocorreu con aquela foto de Colón de febreiro de 2019 da que hoxe só queda o líder dunha ultradereita máis envalentonada e que é o único socio posible para o PP.*

*Porque ese é o fondo da cuestión: que non se acepta a lexitimidade dun goberno xurdido da vontade popular e das maiorías parlamentarias cando é progresista. Non se acepta a lexitimidade un goberno progresista que fai políticas para a maioría, pensando no interese xeral. Políticas que non gustan*
*a unha minoría privilexiada, á que defende a dereita política, mediática e económica e que está disposta a "chegar ao límite e poñer en risco o Estado con tal de terminar con el", como alguén recoñeceu no seu día. El é sempre un Presidente de Goberno socialista.*

*Por todo iso, o pleno do Concello de Pontedeume adopta a presente*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 31/10/2023 11:18:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 31/10/2023 11:20:00)
Versión imprimible
CVD: FGRWLNbWXM5fevIKoDaJ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

***MOCIÓN***

*Ínstase ao novo Goberno de España a continuar facendo do diálogo, dentro do marco constitucional, a ferramenta para mellorar a convivencia entre cataláns e destes co resto de España."*

A presidencia abre a quenda para o debate.

**Toma a palabra a Sr. Bellón Tenreiro do PSdeG-PSOE**, para indicar que xa se falou deste tema con motivo da moción pola Lei da amnistía presentada polo PP; a postura do seu partido sempre vai ser a convivencia e o diálogo.

**Toma a palabra o Sr. Pena Mosquera do BNG**, para indicar que debido a temas de redacción o eu voto vai ser a abstención e que solicita que se mellore un pouco e propón a seguinte redacción: "Instar ao goberno central a chegar a acordos políticos para solucionar problemas políticos co fin de desxudicializar a política e así dar pulo as negociacións coas diferentes nacións do Reino de España".

Manifestan os Sr. Presidente e o Sr. Simoes Couceiro do PSdeG-PSOE que non hai problema pola súa parte.

Sen máis intervencións, sometese a votación a moción enmendada, quedando **ADOPTADO**, por **MAIORÍA** de **9 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE(9): D. Bernardo Fernández Piñeiro, Dª. Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, Dª Alejandra Bellon Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro Garcia Otero, Dª. Angela Pineiro Carrera, D. Joshua Dopico Lopez e Dª. Manuela Garcia Fachal; **2 abstencións** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do BNG, D. Luis Pena Mosquera e Dª María Rocio Souto Torre; e **2 votos en contra** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PP D. Santiago Jose Rodriguez Pineiro e Da. Montserrat Pico Rodeiro o seguinte **ACORDO**:

ÚNICO.- Instar ao goberno central a chegar a acordos políticos para solucionar problemas políticos co fin de desxudicializar a política e así dar pulo as negociacións coas diferentes nacións do Reino de España

**10.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS**

**O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) presenta para o pleno do mes de setembro as seguintes preguntas:**

1. LAVANDERÍA. Son numerosas as queixas de comerciantes e vecinhos/as da rúa Ferreiros que informan que a saída de gases deste negocio está a nivel de rúa ocasionando malos cheiros en vivendas e comercios do lugar. É esta situación, de saída de gases a nivel de rúa,



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 31/10/2023 11:18:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 31/10/2023 11:20:00)
Versión imprimible
CVD: FGRWLNbWXM5fevIKoDaJ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

adecuada a normativa para este tipo de establecementos? Que licenza de actividade se lle concedeu á lavandaría, situada no local da antiga libraría Cunqueiro? En que data ?

RESPOSTA DO GOBERNO.- A adecuación deste local, así coma a conseguinte autorización de actividade vinculada á mesma, tramitouse polo procedemento de comunicación previa de obra e actividade, polo que o proceso é automático, transcorridos 15 días dende a súa presentación no caso de estar toda a documentación completa. Consultado cos técnicos municipais, na documentación presentada non se menciona unha extracción de fumes na fachada, tras o cal, persoal do departamento de urbanismo visitou as instalacións para comprobar as informacións que algúns veciños e comerciantes trasladaron no seu momento. Unha vez realizada a mesma, estase a tramitar o correspondente expediente que será de subsanación, no caso de ser posible, ou de disciplina se non quedara alternativa.

2. TAXIS. En xaneiro do 2023 (fai máis de 8 meses) informaron dunha inminente reunión coa asociación de taxistas de Pontedeume para tratar de solucionar diferentes queixas da veciñanza sobre o servizo. En marzo, dixeron que a reunión non sería “inminente” porque fixábase para despois de Samana Santa. Á última noticia por escrito do seu goberno foi que a reunión sería o mércores 3 de maio (fai máis de 4 meses). Cales foron os acordos acadados ? Que solucións están implementadas despois de máis 8 meses de xestións por parte do goberno do PSOE ?

RESPOSTA DO GOBERNO. A reunión tivo lugar o pasado día 3 de maio. Dende a entidade trasladóusenos que nas noites dos fines de semana hai servizo de taxi, pero como é lóxico, non coa totalidade dos vehículos que contan con licencia posto que hai que cubrir tamén as quendas de mañá e tarde, polo que se os que se atopan na parada están realizando un servizo, hai que esperar ao seu regreso.

Así mesmo, fomos informados que de luns a venres soe haber un taxi todas as noites ata as 3 da madrugada.

Dende o Goberno Local, trasladouse a necesidade de prestar o mellor servizo posible dentro das súas posibilidades, tendo en conta as xornadas laborais destes profesionais, que loxicamente non poden traballar de mañá, tarde e noite.

En todo caso, dende a Asociación trasladaron a súa dispoñibilidade para ter unha reunión co seu grupo, se fora do seu interese, para explicar ou aclarar calquera dúbida ao respecto, para o cal poderán contactar con eles na parada.

3. BIBIOTECARIO. En decembro do ano 2022, o grupo do BNG presentou en pleno a moción “Alexandre Caínzos, o bibliotecario de Pontedeume”. A moción decidímola retirar para que a petición do recoñecemento público fose realizada unanimemente por parte dos 3 grupos políticos. Logo dunha reunión de voceiros, acordouse nomear unha comisión para iniciar o expediente e concederlle a Alexandre unha das distincións oficiais recollidas na ordenanza de



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 31/10/2023 11:18:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 31/10/2023 11:20:00)
Versión imprimible
CVD: FGRWLNbWXM5fevIKoDaJ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

“Honras, distincións e nomeamentos”. O BNG fixo unha proposta para a persoas que podía presidir esta comisión. Tiveron tempo suficiente (10 meses) para consituir a comisión ? Quen son as persoas que conforman dita comisión ? Existe algún desinterese ou deixamento por parte do goberno para crear esta comisión ?

RESPOSTA DO GOBERNO.- No mes de febreiro, o día 7, abriuse un expediente por parte do departamento de cultura para iniciar o trámite correspondente de “Honras, distincións e nomeamentos”. Mantiveronse contactos con diversas personalidades e posibles membros desa comisión, pero as dúas campañas electorais o cesamento e toma de posesión dos cargos de concelleiros e a actividade cultural que conleva a época estival na nosa vila, así coma o feito de que algunhas desas persoas atopábanse de viaxe ou vacacións, fixeron que se deidira pospoñer este trámite ata pasado o verán. Así mesmo, entendíase que sería importante e positivo dado o coñecemento na materia, que que formara parte desa Comisión a nova ou novo Bibliotecario que resultase do proceso selectivo que estaba en vigor. Esa persoa tomou posesión o pasado día 12 de setembro.

Dende a Concellería de Cultura retomarase este tema nos vindeiros días para constituir a comisión e proseguir co preceptivo trámite.

4. PXOM + PEPRI. Nos dous últimos mandatos, non foron quen de aprobar o tan necesitado e imprescindible Plan Especial de Protección e Rehabilitación do Casco Histórico. Como non aprobaron o Plan Especial, rixe o PXOM. O PXOM, no título VI: Normas particulares en solo urbano, no seu punto 6.3.1. PE1. PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REHABILITACIÓN DO CASCO HISTÓRICO DE PONTEDEUME di textualmente: “En todo o ámbito delimitado para a aprobación do PEPR do Casco, en tanto non se aprobe definitivamente a normativa urbanística de protección, non se admitirán modificacións nas aliñacións e rasantes existentes, incrementos ou alteracións de volume, parcelacións nin agregacións e, en xeral, cambios que afecten a harmonía do conxunto, e ás únicas obras permitidas serán as de consolidación, restauración e rehabilitación”. Preguntámoslles en marzo do 2023 (fai máis de 6 meses) para coñecer, nos últimos 8 oitos o seu goberno cantas licencias aprobou para o casco histórico que alteraran o volume, modificaran as aliñacións ou as rasantes ? Dixéronnos textualmente en marzo do 2023 que non puideron dar resposta porque “as preguntas foron entregadas onte, e no departamento de urbanismo non hai aparellador, intentaron localizado e non foi posible”. Dixéronnos textualmente en abril do 2023 que sin non podíamos esperar “non poden esperar uns días máis para dispor desa información, poden vostedes achegarse ata o departamento correspondente”. Reiteramos a pregunta de novo, é legal modificar aliñacións/rasantes ou alterar volumes dentro do casco histórico ? Nos últimos 8 oitos o seu goberno cantas licencias aprobou para o casco histórico que alteraran o volume, modificaran as aliñacións ou as rasantes ?

RESPOSTA DO GOBERNO.- Segundo o contemplado no PXOM, non é posible o aumento de volumen ou modificación de aliñacións/rasantes no ámbito do casco histórico.



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 31/10/2023 11:18:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 31/10/2023 11:20:00)
Versión imprimible
CVD: FGRWLNbWXM5fevIKoDaJ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Durante estes dous mandatos e tras a entrada en vigor do PXOM, posto que mentres rexiron as normas subsidiarias si estaban permitidas este tipo de modificacións/alteracións; non se concedeu por parte deste Concello ningunha licencia que incumprira esta norma. É máis, todas as licencias concedidas neste ámbito contaron coa preceptiva autorización da Dirección Xeral de Patrimonio.

5. XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Segundo a dilixencia da Secretaria do Concello de Pontedeume o día 18.05.2023 non se celebrou sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local por falta de convocatoria da mesma por parte do Sr. Alcalde-Presidente. A Secretaria deixa constancia por escrito aos efectos de dar cumprimento ao indicado na Lei 7/1985 de 2 de abril e no Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro en canto á convocatoria e celebración das sesións ordinarias da Xunta de Goberno local así como o acordo de periodicidade destas adoptado na sesión extraordinaria do Pleno de data 27 de xuño de 2019. Cal é a razón da non celebración da Xunta de Goberno Local na data legalmente establecida ? Por qué non o Alcalde non a convocou ??

RESPOSTA DO GOBERNO.- O motivo da non convocatoria desa Xunta foi a inexistencia de puntos a tratar, por estar algún dos previstos todavía en tramitación, polo que decidiuse pospoñer esa sesión ata o remate na tramitación dos mencionados expedientes. En todo caso, é importante informar da potestade do Alcalde para pospoñer ou cambiar de data as Xuntas de Goberno.

6. COLONIAS FELINAS. No noso concello existen varios asentamentos felinos cun crecemento descontrolado. O coidado e xestión destas poboacións felinas, corresponde á administracións local (Lei de Bases do Réxime Local e Lei 4/2017 de Galicia de Protección e benestar de animais de compañía). En varios concellos da contorno como Fene, Ares, Narón, Mugardos, Ferrol estanse a desenvolver proxectos de xestión destas colonias á vez que se implementa o Método de C.E.R. (captura, esterilización e retorno). Sendo vostedes coñecedores de que existe asociacións e persoas voluntarias que estarían interesadas en participar nestes proxecto, solicitaron vostedes a subvención do Ministerio de Derechos Sociales y Agenda 2030 publicada en resolución do 9 de maio de 2023 ? O seu goberno é coñecedor de todas estas circunstancias xa que recibiron un escrito detallado e fundamentado fai máis de 3 meses ao non contestaron nin deron acuse de recibo, que medidas tomarán para realizar unha xestión responsable dos animais abandonados mellorando as condicións de salubridade pública ? Aproveitarán estas medidas para concienciar á poboación sobre o abandono de animais domésticos ?

RESPOSTA DO GOBERNO.- Actualmente se están valorando diferentes propostas que nos trasladan tanto de parte da Consellería, como de varias protectoras da comarca. Somos conscientes da problemática que supón a existencia de colonias felinas e tentaremos darlle a solución máis axeitada para conxugar tanto os dereitos animais como os da veciñanza. Así mesmo, temos que lembrar que este tipo de servizos teñen un custo engadido, polo que compre realizar un informe económico que clarifique e poida dar unha idea do desembolso que isto pode supoñer para as arcas públicas.



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 31/10/2023 11:18:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 31/10/2023 11:20:00)
Versión imprimible
CVD: FGRWLNbWXM5fevIKoDaJ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Compre lembrar tamén que a actual normativa prohibe taxativamente alimentar animais na vía pública, comportamento que incide directamente no aumento dese tipo de colonias, ademais das molestias que pode xerar a unha parte da veciñanza, tal e como se nos ten trasladado por algúns veciños e veciñas. Así mesmo, é importante falar da repercusión que isto ten no control de determinadas pragas e especies, como por exemplo as de ratos, posto que a alimentación dos gatos que viven na rúa provoca que a caza deste tipo de roedores por parte dos felinos diminua considerablemente, tal e como se nos trasladou por parte de varios expertos na materia, podendo xerar, como xa ocurriu nalgún Concello, un problema da salubridade.

7. É imprescindible ter unha ordenanza actualizada, que dote de seguridade e estabilidade normativa en igualdade de condicións a toda a hostalaría para a instalación das súas terrazas. E que, por suposto, evite a actuación discrecional e arbitraria por parte do concello. Esta ordenanza deberá garantir: 1) o acceso do servizos básicos como ambulancias, policía, bombeiros... 2) priorizar o paso dos peóns, 3) regularizar oo deseño/estilo dos elementos instalados conforme á súa localización; establecendo obrigas de maior protección para os establecementos instalados dentro do casco histórico e 4) axudar a aumentar o valor engadido do tecido empresarial. En que data pretenden levar a pleno esta ordenanza ??. En setembro do 2021 (fai xa 2 anos) dicían vostedes que contrataran "un estudo sobre a situación das terrazas dos locais de hostalaría de Pontedeume e que foi utilizado para a elaboración do borrador dunha ordenanza de terrazas xa rematado". Por que levan 2 anos sen facer público o borrador, é dicir, ocultando este borrador de ordenanza tan relevante para un concello como Pontedeume no que a hostalaría é unha actividade económica excepcionalmente relevante como xeradora de emprego ?

RESPOSTA DO GOBERNO.- En primeiro lugar agradecer ao seu grupo as directrices para desenvolver unha ordenanza reguladora. Pero xa somos conscientes de que un regulamento deste tipo debe recoller os principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia. E se non fora así, para eso existen os departamentos xurídicos dos concellos que no lo recordan.

Como ben indican vostedes, en setembro do 2021 respondémoslles a unha pregunta de pleno sobre este asunto que "Contratouse un estudo sobre a situación das terrazas dos locais de hostalería de Pontedeume e que foi utilizado para a elaboración do borrador dunha ordenanza de terrazas xa rematada.". O que vostedes non transcriben na súa pregunta de hoxe é a parte da nosa resposta que segue a esa frase e que forma parte do mesmo paragrafo. "Debido á inxente cantidade de traballo por parte dos diferentes departamentos coñecida xa por vostedes, confiamos en rematar a súa tramitación unha vez estean tanto o/ técnico de administración xeral como o/a de contratación, prazas que foron convocadas recentemente"

Como ben saben, ou deberían saber, as técnicos de administración xeral e de contratación incorporaronse a este concello hai apenas un mes e medio, polo tanto aínda non tivemos tempo de rematar dito procesa xa que existe unha cantidade de expedientes tamén prioritarios sobre a mesa destes técnicos que tamén precisan de xestión.



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 31/10/2023 11:18:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 31/10/2023 11:20:00)
Versión imprimible
CVD: FGRWLNbWXM5fevIKoDaJ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Así mesmo, lembrámoslles que este Goberno está aberto a estudar todas as propostas CONCRETAS que por parte do seu grupo teñan a ven trasladar para enriquecer, mellorar, etc; esta ordenanza.

8. BIBLIOTECA. Cal é o orzamento propio do servizo de biblioteca para destinalo á compra de libros ? Está a participar a biblioteca municipal, no servicio de intercambio de libros con outras bibiotecas da Rede de Bibliotecas de Galicia que mellorarían significativamente o servizo que se lles ofrece ás usuarias ? Por que ? Ademais a situación do xeral inmoble e do mobiliario de moi mellorable (humidades, sen ordenadores de consulta, fondos obsoletos, mobiliario sen renovar dende fai moitos anos...), que medidas e con que orzamentos pensa mellorar este servizo nos próximos meses ? Está satisfeito o goberno local co uso que fai desta instalación o público xuvenil ? Que medidas tomará o goberno para promocionar a biblioteca entra a xente máis nova, especialmente para atraer a novas lectoras ?

RESPOSTA DO GOBERNO.- O orzamento destinado á compra de material bibliográfico da Biblioteca Publica Municipal " Poeta Ramiro Fonte" é de 10.000 euros anuais.
A biblioteca municipal SÍ está integrada nesa rede.

O Goberno local nunca está satisfeito na súa totalidade, posto que isto axuda a seguir traballando para mellorar a prestación de todos os servizos, polo que aspira a que o uso sexa aínda máis amplo e mellor do que xa o é na actuaidade.

Sobre a situación do edificio, encargouse hai meses ao aparellador municipal a revisión do mesmo, e encargouse a unha inxenería un proxecto de mellora, que nos permitirá cuentificar os investimentos necesarios para proceder á súa consecución.

Chama a atención a súa última pregunta, xa que dende este Concello lévase moitos anos traballando na promoción da Biblioteca Municipal "Poeta Ramiro Fonte", o que fixo desta inatalación unha biblioteca de referencia, xa non na nosa contorna, senón en toda Galicia. Son moitas as actividades de difusión, lectura, presentación de obras, proxeccións, ou concursos literarios, que este Concello ven desenvolvendo dende hai décadas. Dito o cal, e tal e como levamos faendo ao longo das últimas dúas lexislaturas continuaremos ampliando e implementando novas actividades.

9. As praceiras e praceiros levan meses sen poder facer uso dos vestiarios do Mercado municipal. Estes están inhabilitados, polo que as traballadoras non poden asearse e teñen que utilizar os servizos das usuarias da praza. Ten identificado o concello a causa que impide o uso normal destes vestiarios? Sábese se a orixe do problema está no deseño, ou ven provocada por unha mala execución da obra? Que medidas se tomaron desde o goberno municipal para resolver o problema? Manexan algún prazo para que as instalacións poidan volver estar operativas?



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 31/10/2023 11:18:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 31/10/2023 11:20:00)
Versión imprimible
CVD: FGRWLNbWXM5fevIKoDaJ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

RESPOSTA DO GOBERNO.- Despois de valorar o problema con persoal técnico especialista se nos traslada que existe unha deficiencia estrutural que non permite a caída suficiente dos desaugues deses baños e por conseguinte non cumpren estes a súa función. Estamos en negociacións coa empresa responsable da obra para subsanar esta problemática e darlle pronta solución.

10. A varios establecementos de hostalaría non se lles permitiu instalar barras no exterior dos seus locais durante as Festas das Peras por diversos e distintos motivos. Sendo coñecedores da normativas autonómica, cales son os criterios obxectivos polos que se permitiron en anos pasados e este ano non? Implica isto que en outros tipo de festexos, como por exemplo a Feira Medieval, non se vai permitir a instalacións de barras e venda de bebidas alcohólicas na rúa? Existe informe por escrito da Policía Municipal que explicite os motivos para non permitir a instalación das barras exteriores ?

RESPOSTA DO GOBERNO.- Existe un informe da Policía Local a este respecto que o seu grupo político pode visualizar na documentación do pleno deste mes de setembro, ou ben solicitar a súa lectura, como así fixo o outro grupo político da oposición. Nese documento, explícanse os motivos polos que infórmanse desfavorablemente ás mencionadas solicitudes.

Aclarar que os criterios subxectivos para emitir unha resolución non se corresponden coa boa praxis das entidades locais, como deixan entrever na redacción da súa pregunta, polo tanto lembrámoslles que todos os Concellos, e por ende tamén o noso, posúen dun departamento xurídico que, entre outras, ten a función de asesoramento legal preceptivo.

Así mesmo, compre indicar que non consta neste Concello a presentación de solicitudes deste tipo de instalacións en edicións anteriores das Festas das Peras. Sendo esta a primeira vez, as mencionadas solicitudes foron tramitadas tal e como establece a lexislación vixente, solicitando informe da Policía Local, que foi emitido en sentido desfavorable, polo que compre notificar a todos os interesados a non autorización para a instalación destes elementos.

Sobre a autorización para este tipo de elementos noutros eventos, tramitaranse as posibles solicitudes no momento da súa presentación por parte dos distintos departamentos afectados, e será en base aos seus informes e á aplicación que da lexislación vixente se desprenda dos mesmos, polo que se autorizarán ou denegarán.

**O grupo municipal do Partido Popular (PP) presenta para o pleno do mes de setembro as seguintes preguntas**
:

1-Se ha observado que el reloj de la torre del Ayuntamiento está averiado desde hace un tiempo ¿Tienen previsto su arreglo? y si es así ¿Cuál va a ser su coste?
RESPOSTA DO GOBERNO.- Segundo nos informa o reloxeiro que está a supervisar o funcionamento do reloxo, estase na procura dunha peza que é moi difícil de atopar dada a antigüidade da maquinaria. En canto se atope esta peza procederase ao seu cambio.



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 31/10/2023 11:18:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 31/10/2023 11:20:00)
Versión imprimible
CVD: FGRWLNbWXM5fevIKoDaJ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 31/10/2023 11:18:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 31/10/2023 11:20:00)
Versión imprimible
CVD: FGRWLNbWXM5fevIKoDaJ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



2-¿Por qué no funciona el ascensor de la antigua escuela unitaria de campolongo?



RESPOSTA DO GOBERNO.- Coas obras de rehabilitación do edificio incrementouse o consumo eléctrico do mesmo, para o que se solicitou o aumento de potencia á empresa subministradora. Ese aumento foi notificado ao Concello hai apenas uns días, polo que xa se esta a tramitar a posta en marcha do citado ascensor.

3- ¿En qué situación se encuentran los pliegos de la cafetería del mercado?

RESPOSTA DO GOBERNO.- Os pregos de licitación da cafetería do mercado están en revisión de contidos para garantir a súa adaptación do mellor xeito á realidade do Mercado Municipal de Pontedeume, ás súas características e casuísticas particulares; sobre todo tras a experiencia adquirida dende a reapertura desa instalación.
Sabemos da importancia que este negocio ten no funcionamento diario do Mercado Municipal e por iso pretendemos que a súa actividade sexa a correspondente a un Mercado de Excelencia como é o noso.

Compre lembrar que tan só en algo máis de dous anos e medio dende a súa reaertura, conseguimos esta importante distinción, que ven a poñer en valor e recoñecer todas as iniciativas e xestións realizadas ao longo deste tempo para conquerir un mercado punteiro, que se atopa entre os tres calificados como execelentes de toda Galicia.

4- ¿En qué situación se encuentran los cambios propuestos en el proyecto del nuevo pabellón?

RESPOSTA DO GOBERNO.- A día de hoxe están a realizarse por parte do equipo redactor, ao tempo que se adaptan ás suxestións que se nos fixeron chegar por parte de distintas entidades deportivas da nosa Vila.
Así mesmo, compre lembrar que levamos varios meses esperando a que por parte da Vicepresidencia da Xunta de Galicia, respóndase á petición de reunión solicitada polo Alcalde co Sr. Vicepresidente Primeiro e responsable da área de Deportes, para tratar a posible colaboración desta administración de cara ao financiamento das obras.

5- ¿Cuentan con los permisos necesarios para el relleno de tierra que se está a realizar en el parque del polígono de Vidrieiro?





RESPOSTA DO GOBERNO.- Esta actuación non precisa de autorización algunha posto que a parcela é de titularidade municipal e o recheo realizado nunha superficie tan ampla foi de excasa entidade e apenas inflúe na rasante do terreo, polo que aplicouse o mesmo criterio que para actuacións similares realizadas por particulares.

6- Dado los problemas continuos que están surgiendo por la ocupación de la vía pública y la demanda que muchos hosteleros nos hacen llegar para que se constituya una ordenanza que proporcione orden en todos los aspectos,les trasladamos la siguiente pregunta;¿Para cuándo la ordenanza de ocupación de la vía pública actualizada ?

RESPOSTA DO GOBERNO.- Nos derradeiros días, una vez rematadas as festas patronais e coa reincorporación do funcionariado das súas quendas vacacionais, os departamentos de Urbanismo e Comercio comezaron a deseñar o plan de traballo para continuar coa elaboración da ordenanza reguladora de terrazas, toda vez na pasada lexislatura xa se elaborou un informe que serviu de punto de partida para a súa redacción.
As ordenanzas reguladoras deben recoller os principios de boa regulación: necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, polo que unha ordenanza como esta precisa de tempo e estudo suficiente para poder acadar os seus obxectivos e satisfacer as demandas de tódalas partes afectadas pola mesma.

7- El sábado 23 en Nogueirosa a las 8 de la mañana han empezado a lanzar las tradicionales bombas de palenque y así hasta primera hora de la tarde como si no hubiera un mañana y algo similar el domingo¿Dónde está el plan de reducción de las bombas que se realizó en las fiestas de las Peras para proteger a esos colectivos que necesitan de una especial protección?

Nuestra obligación como representantes que somos de los vecinos es ser conscientes de que estos colectivos son vulnerables al ruido todos los días del año y debemos poner en marcha medidas como se hizo en las fiestas de las Peras de este año para su integración y darles así una calidad de vida .



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 31/10/2023 11:18:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 31/10/2023 11:20:00)
Versión imprimible
CVD: FGRWLNbWXM5fevIKoDaJ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

¿Por qué la medida adoptada propuesta por el BNG en las Peras no se trasladó a las fiestas de las parroquias?

RESPOSTA DO GOBERNO.- En primeiro lugar lembrar que esta medida non foi adoptada nas Festas das Peras por unha proposta do BNG, senón por reunións mantidas con anterioridade a esa data, tal como poderán confirmar os representantes das familias propoñentes, entre a Comisión de Festas e representantes do Concello con membros de familias afectadas por esta tradición que así o demandaban xa dende hai algúns anos.
En segundo lugar, lembrar que unha vez trasladada a proposta, por parte da Comisión de Festas de Nogueirosa, informousenos que a contratación desa tirada de fogos estaba pechada dende había xa meses, e polo tanto calquera modificación da mesma que supuxera unha minoración do prezo do contrato conlevaría a obriga de indemnizar á empresa pirotécnica contratada.

Así, nas Festas das Peras, é a Comisión de Festas das Peras 2023 quen toma a decisión de adoptar esta medida despois de reunirse con familias afectadas e tras ser informada polo Concello das solicitudes para a redución de bombas que se lles fixo chegar a algúns/as concelleiros/as .

Dende o Concello de Pontedeume apostamos por unhas festas sempre integradoras e respectuosas coa veciñanza, especialmente aquela máis vulnerable, e somos conscientes de que aínda queda moito camiño por andar para mudar costumes e tradicións que veñen de hai moitos anos  e que polo tanto requiren dun proceso de cambio longo e ás veces non exento de debate. Pero seguiremos a apoiar o esforzo das comisións de festas que tanto traballan para o desfrute das nosas veciñas e veciños agardando que ano tras ano se vaian dando pasos en favor dos colectivos máis sensibles.

O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego na corporación municipal,  presenta para o Pleno de setembro, o seguinte **ROGO.**

- Varias veciñas amosáronos as súas queixas polos restos vexetais (supostamente podas) depositados no estacionamento situado na contorna do colexio de Andrade. Rogamos sexan retirados

O Grupo Municipal do Partido Popular na corporación municipal, presenta para o Pleno de setrmbro os seguintes **ROGOS**

*Rogamos se aumente las partidas de las subvenciones a entidades deportivas, culturales y de vecinos

*Rogamos se reparen las piedras rotas da Rua do Picho



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 31/10/2023 11:18:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 31/10/2023 11:20:00)
Versión imprimible
CVD: FGRWLNbWXM5fevIKoDaJ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)





*Rogamos se reparen las piedras de la Plaza do Conde






*Rogamos la limpieza de contenedores en general. Desprenden mucho olor.

* Rogamos aumenten la partida de la subvención para las Fiestas de la Peras

**REMATE DA SESIÓN**

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente, levanta a sesión, sendo as trece horas e cincuenta minutos do expresado día.

Autorízase a presente acta coas sinaturas dixitais do Alcalde e da Secretaria, que dá fe.

**<u>DILIXENCIA DE APROBACIÓN</u>**

Apróbase a presente acta, na sesión ordinaria do Pleno da Corporación celebrada o día 26.10.2023, segundo o borrador asinado o día 20.10.2023. Esténdese a presente dilixencia, para constancia, coa sinatura dixital do Presidente e da secretaria, que dá fe.



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 31/10/2023 11:18:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 31/10/2023 11:20:00)
Versión imprimible
CVD: FGRWLNbWXM5fevIKoDaJ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

RUA REAL, 13 – 15.600 PONTEDEUME (A CORUÑA)
CIF P-1507000 F –Nº REELL 01150695
TELÉFONO 981 43 30 54 – FAX 981 43 33 68 - www.pontedeume.gal



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 31/10/2023 11:18:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 31/10/2023 11:20:00)
Versión imprimible
CVD: FGRWLNbWXM5fevIKoDaJ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.